

anda!na

59

revista galega de pensamento feminista
3/2011 prezo: 5 euros

من حقّي أن أعيش بكرامتي

Teño dereito a vivir con dignidade



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 09 III Encontro de Outras Voces Feministas**
Paloma Uría
- 13 Encontro de xornalistas con visión de xénero en Fez**
Áurea Sánchez
- 16 Os premios Nobel e as mulleres**
Felicia Estévez Salazar
- 20 Mulleres nas estrelas**
Josefina F. Ling (do grupo «Ela é unha Astrónoma»)
- [ENTREVISTA] **24 Entrevista a unha representante de CAVIDA**
(Comunidades de Autodeterminación, Vida e Dignidade)
Aida I. de Prada
- 29 Acaso nós non somos mulleres?!**
Hadriana Ordóñez Otero
Ilustración: Julia Abalde
- 32 Magdalenas: gritos estéticos para a revolución**
Manuela Acereda e Aida I. de Prada
- 36 Käte Kollwitz: Antígona xermana ante o espello**
Renata Otero
- 40 MUFEST, unha viaxe que continúa**
I.V.E.
- [EXPOSICIÓN] **44 «Suxeitos emerxentes»**
Anxela Caramés
- [FILMES] **50 *Digna rabia***
Laura Gómez Lorenzo
- 52 *No tengas miedo***
Patricia Arias Chachero
- [MÚSICA] **53 *Leilía: Consentimento***
Laura Gómez Lorenzo

Revista Galega de Pensamento Feminista
Terceiro cuadrimestre, 2011
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia García
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número

Paloma Uría
Áurea Sánchez
Felicia Estévez Salazar
Josefina F. Ling
Aida I. de Prada
Hadriana Ordóñez Otero
Julia Abalde
Manuela Acereda
Renata Otero
I.V.E.
Anxela Caramés
Laura Gómez Lorenzo
Patricia Arias Chachero

Deseño gráfico: **Uqui IIIII Cebra**

Imprime: **Grafisant, S.L.**

D.L.: C-1.146-88

Non hai cartos??

Non hai cartos, a Xunta aprobou uns orzamentos con substanciais recortes en Educación, Sanidade e Dependencia, pero aínda quedan uns poucos para facer clientelismo. Desmantelan a sanidade pública, din que non é posible pagala tal e como está, que é un luxo, por iso reducen consultas, camas nos hospitais e postos de traballo, e cada vez parece estar máis preto o copago, un imposto sobre a enfermidade que pagaremos cada vez que acudamos ao médico, a urxencias ou ao hospital. Pero a verdade é que, mentres isto acontece, estanse dilapidando fondos públicos, entregándollos a empresas privadas, á construción, ao financiamento e á xestión dos novos hospitais e centros de saúde, como pretenden facer co hospital de Vigo e o de Pontevedra.

Tamén no ensino público hai recortes. A Consellería de Educación propón aumentar o alumnado nas aulas e as horas lectivas do profesorado dos centros públicos. Apélase á falta de orzamento para financiar aulas en colexios públicos e para reducir nun 10% os fondos destinados a sufragar bolsas no ano 2012, e polo mesmo motivo suprímense ou minguan moito as subvencións á edición de libros e material escolar en galego. Pero non todo son recortes, porque aumentan en máis de 200.000 euros as axudas a 66 centros concertados.

Non hai cartos, dísenos, pero está claro que iso non é así para todas, basta con botar unha ollada ao reparto de subvencións das consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Igualdade para ver cal é a política da Xunta de apoio ás mulleres: asociacións católicas integristas, contrarias ao dereito das mulleres a decidir sobre os seus corpos, son as principais beneficiarias destas subvencións. Como exemplo, aí están a Red Madre Coruña, coñecida organización anti-abortista, que re-

cibe 34.000 euros, que supostamente gastará na súa «Intervención para Mujeres Gestantes y Lactantes», ou Betania de Jesús Nazareno, que recibe 34.000 euros para un «Centro para Mujeres sin Recursos», ou a Congregación de Siervas de la Pasión, outros 34.000 euros para o seu proxecto de «Centro de Atención Especializada Hogar Sta. Isabel». Máis

editorial

exemplos: a Red Madre Pontevedra leva 20.000 euros polo seu combate contra o dereito ao aborto, mediante o programa «Madres 2011», e a «Obra Social Sí a la Vida», a cargo do autodenominado Rebaño de María –que por certo está a ser investigada por suposta participación en adopcións ilegais–, cobrará 18.000 euros públicos.

Non hai cartos. Os bancos están demasiado endebedados e non poden conceder créditos nin ás empresas nin ás persoas... Pero o Estado si lles deu cartos, miles e miles de millóns para que seguisen mantendo este sistema que afoga e nos afoga, porque agora é o Estado, todos e todas nós, o endebedado...

Desapareceron nunha nube de fume as dúas caixas de aforros deste país. Despois dunha fusión feita ás présas e baixo moitas presións, a valoración do Banco de España para transformar a nova entidade nun banco reduciu o seu valor nun 88%. E a Obra Social, que debe sobrevivir dos restos que deixaron, corre o risco

de esfumarse tamén. Están en xogo 15 centros de maiores, 4 residencias da terceira idade, 4 escolas infantís, 3 centros de formación profesional, unha residencia de estudantes, 4 bibliotecas, unha ciberaula, unha escola empresarial e 8 centros culturais, programas e centros de inserción social, programas deportivos, exposicións, publicacións, representacións, concertos... Se se chegase a perder, todas e todos nos faremos un pouco máis pobres. Pero non é momento de pedir responsabilidades segundo a Xunta, nin sequera aos executivos que cobraron millonarias indemnizacións a pesar da súa mala xestión.

Non hai cartos. Pídesenos que rebaixemos o nivel de vida para manter a flote a economía do país, pero cada vez hai máis persoas para as que iso non é factible, cada vez son máis longas as colas ante as cociñas económicas e cada vez son máis as familias que non chegan a fin de mes.

A inmensa maioría das persoas somos cada vez máis pobres, pero non todas, porque hai uns poucos millonarios que son cada vez máis ricos: especuladores, banqueiros, negociantes da economía mergullada que ven medrar a súa riqueza e o seu poder coa crise.

Nunca foi tan grande a distancia entre ricos e pobres. E segundo din os informes de Cáritas, a cara da pobreza en Galiza vai mudando nestes últimos anos; cada vez son máis persoas novas e sobre todo mulleres soas con cargas familiares as demandantes de axuda. A feminización da pobreza é tamén unha realidade neste país.

Só un raio de esperanza neste sombrío panorama, a globalización das protestas contra este sistema económico que tanta pobreza e desigualdades crea. Cada vez son máis e en máis lugares as persoas que están a dicir: basta xa! ■

Reparástedes nos Premios Príncipe de Asturias 2011? Ningunha muller foi premiada. Ningunha.

A Ana Pastor (PP) non lle parece que fagan falta cotas mentres a ministra Sinde reclama un xurado máis paritario.

For como for, sen lle tirar méritos a ningunha das persoas galardoadas –ou colectivos e asociacións–, a ausencia de mulleres entre as persoas premiadas é un paso atrás. ■

O Laboratorio Genómica, empresa privada que recolleu o ADN de familias afectadas polo roubo de nenas e nenos ten como directora a Rosario de Cospedal García (sóavos este apelido?).

O salto á fama é porque a empresa enganou o resultado das probas xenéticas dunha nai e unha filla de Valencia e León. Por dúas veces comunicoulles que non tiñan relación sanguínea algunha, porén a insistencia de ambas mulleres de 60 e 30 anos, o seu gran parecido e documentos que puñan de manifesto a súa posible relación levou á empresa a enviar unha carta cun terceiro resultado onde lles anunciaba que o seu ADN coincide.

A empresa Genómica forma parte do grupo Zeltia, integrado por varias filiais do sector químico-farmacéutico. O actual presidente de Zeltia é José María Fernández Sousa-Faro, que tamén exerce como presidente da Fundación Bankinter e está relacionado coa Universidade Antonio de Nebrija e a Universidade privada de Navarra, do Opus Dei, coa que colabora de forma asidua. Tamén a directora de Genómica, Rosario de Cospedal, formouse na universidade do Opus Dei, no Business School, instituto dependente desta Universidade de Navarra «de inspiración cristiá, promovida por San Josemaría Escrivá de Balaguer, fundador do Opus Dei», segundo figura na web desa universidade.

A meirande parte dos responsables das empresas que integran o grupo farmacéutico Zeltia, do que forma parte o laboratorio de probas de ADN Genómica, foron formados polo Opus Dei. Tamén este grupo empresarial conta con outros socios como Ana Palacio, ex-ministra do Partido Popular e coñecida pola súa militancia nesa organización fundada en Navarra. Ademais, o grupo farmacéutico leva a cabo proxectos de investigación coa Clínica Universitaria de Navarra, privada, e tamén dependente do Opus.

Genómica fai a recollida de ADN dos socios da Asociación Nacional de Afectados de Adopcións Irregulares (ANADIR) que conta con máis de mil integrantes afectados polo roubo de bebés levado a cabo durante o franquismo e nos anos posteriores, ata os oitenta. ■

Unha listaxe de médicos relacionados co PP

A irmá da directora xeral de Genómica, M.^a Dolores de Cospedal, nomeou como responsable da Radio-Televisión de Castilla-La Mancha a Ignacio Villa, director de informativos da COPE, que é fillo do médico Ignacio Villa Elizaga, presuntamente implicado en varios casos de nenos roubados no hospital O'Donnell de Madrid. O mesmo acontece co doutor, xa falecido, José Botella Llusía, tío da muller de José María Aznar, Ana Botella, e que é acusado polas asociacións de nenos roubados de estar implicado no tráfico de bebés. Tamén o pai de Jaime Mayor Oreja, José María Mayor Lizarbe, foi incluído nunha listaxe de médicos que supostamente participaron no roubo de bebés durante o franquismo xunto a 35 médicos máis en 15 hospitais, segundo denunciou a plataforma de afectados polo roubo de bebés do País Vasco.

Segundo Mar Soriano, representante da Plataforma de Afectados, «é bastante perigoso que persoas relacionadas ou próximas a médicos implicados no roubo de bebés teñan acceso aos nosos datos», en referencia ás relacións de Genómica co entorno do Opus Dei.

Estes datos están tirados do artigo de María José Estesos Poves publicado en *Diagonal* do 29 setembro ao 12 de outubro.

Non é curioso que sexa xente tan vinculada ao Opus Dei a que custodia as probas de ADN, tendo en conta o papel fundamental que, segundo as investigacións, desempeñaron membros do Opus no roubo dos nenos?

Non chaman asemade a atención os atrancos vidos de todos lados e a falla de vontade política e xudicial de desvelar a trama –sempre cun *modus operandi*– da rede que desde 1950 a 1997 se dedicou ao roubo de bebés, sendo un delito tan enorme???

E non resulta grande que persoas e organizacións ás que se lles enche a boca coa familia, a maternidade, o non ao aborto, si á vida... teñan ligazóns con estas redes de roubo de bebés?? ■





Dos sarabullos de Duran i Lleida

Desatouse, saíu do armario da elemental prudencia e como lle dixeron que era un político ben valorado botou a boca a pacer: que se os subsidios aos andaluces non os estimulan e botan o día na taberna, que se hai que apoiar

os médicos que curan aos homosexuais que queren ser heteros igual que se apoia aos homos que saen do armario, que se hai que subir as penas por roubos, que se non se lexislou ben en materia de aborto, etc.

Logo... *onde dixen Digo, digo Diego*. E se cadra todo o empeora cando quere aclarar o que dixo e ponse a falar da homosexualidade. Falando dela... non lle acordou a Durán que aínda é ilegal en 76 países. Nalgúns casos mesmo pode supor a pena de morte (Arabia Saudí, Irán,

Mauritania, Sudán, Iemen e rexións de Nixeria e Somalia). Tampouco lle acordou referir as *violacións correctivas* e os asasinatos de lesbianas en Sudáfrica, onde si está recoñecido o matrimonio homosexual, porén onde as autoridades apenas prestan atención a estas cuestións ou os ataques que reciben os activistas de Honduras. Iso si que non hai que curalo.

A Clint Eastwood pola súa parte si que lle acordou sorprendernos. Enfadou o FBI por *sacar do armario* a J. Edgar Hoover director do FBI de 1935 a 1972, quen tiña como lema *man dura*. A película *J. Edgar*, estreouse o 9 de novembro. O guión vén da man do activista pro dereitos gais Dustin Lance Black (*O meu nome é Harvey Milk*). O patriotismo de Eastwood aos ollos dos mandos do FBI era un luxo ate que viron o que viron e desgustáronse. ■

O Orgullo Guarra

Michael Sanguinetti, oficial de policía canadense nunha conferencia sobre seguridade civil na Universidade de York, en xaneiro de 2011, recomendou ás mulleres canadenses «deixar de vestir como guarras» para non ser vítimas de abusos sexuais.

Heather Jarvis e Sonya Barnett, asombradas de escoitar algo así nunha conferencia universitaria en Toronto e no ano 2011, decidiron crear unha páxina web e abrir perfís en Facebook e Twitter para iniciar un novo fenómeno global: a SlutWalk (ou marcha das guarras). A ironía, sempre intelixente, foilles útil a estas activistas do *treanding topic* e decidiron reapropiarse do termo que ata agora serviu como estigma: guarra, puta, zorra... Desde entón, homes, mulleres e transexuais de máis de centidades do mundo saíron ás rúas con tacóns, ligueiros, escotes, minisaia, para reclamar dereitos, celebrar a liberdade individual e delimitar ben de que se trata cando falamos de violencia sexual. A primeira marcha foi en Toronto no mes de abril e acudiron unhas 3000 mulleres. Jarvis, unha das súas fundadoras, salienta que a iniciativa baséase en conceptos incluíntes: «SlutWalk loita contra falsos mitos sobre a violencia sexual, e, aínda que son máis comúns contra as mulleres, non queremos centrarnos nun xénero concreto». A golpe de *follower*, pasaron de América a Australia e norte de Europa e xa andan por lugares como Nova Delhi e Johannesburgo.

Animado na confianza da seguridade do policía canadense ao alcalde de Navolato, en México, tamén lle pareceu oportuno prohibir o uso de minisaia e regulamentar a vestimenta das mulleres para evitar embarazos adolescentes (!).



Lemas, como *Non, significa non* ou *Anque non o creas, a miña minisaia non ten que ver contigo*. (Lembrades a sentenza da minisaia daquel xiúz galego na Audiencia de Pontevedra? E as consignas das Asembleas de mulleres, da Asociación Galega da Muller, da Coordinadora feminista? *Nin con minisaia, nin con pantalón, na mente machista está a provocación* ou *Queremos camiñar tranquilas, de noite e de día*.) Con eles esixen respecto polas vítimas de agresións sexuais e lembran que «estes episodios están dun modo ou doutro moito máis presentes no noso día a día do que adoitamos lembrar», di Anne Wizorek, unha das impulsoras do SlutWalk alemán, que xuntaba o 13 de agosto preto de 3500 persoas na marcha que desfilou polo centro de Berlín.

Centos de mulleres de Nicaragua de distintos departamentos decidiron nomearse putas, o que para elas significou dicir «sabemos que nos chaman putas cando non saben como reaccionar fronte á nosa forza. Sumámonos á marcha das putas en Matagalpa para saír, camiñar e retomar o dereito a ocupar as rúas e os espazos públicos que tamén son nosos, co único propósito de deixar claro que cando as mulleres dicimos NON, é NON».

As organizadoras e participantes pensan xa en organizar un Día do Orgullo Guarra, Pendón, Puta... e hai marchas previstas en diferentes cidades até final de ano. ■

denuncias e comentarios



O 18 de setembro finalizou oficialmente o tempo das traíñas. A traíña feminina da SDR Rías Baixas gañou por terceira vez consecutiva a Bandeira da Concha. Todas as edicións ate hoxe. ■



Buba Alarcón, poeta e promotora cultural, estudou Letras Españolas e cursos estudos no Conservatorio de Música do Estado de Chihuahua, publicou o libro *Porque soy princesa* e participou en numerosos recitais e eventos culturais.

Mi país

Me llena de tristeza mi país
me llena de vergüenza
cuando el gringo
el gachupín
me dice que se enamora de él
muerdo mi lengua
aprieto mis labios para no escupirles
no porque seamos el patio trasero
no porque guarde rencor por un tesoro azteca
(pobre mi país)

¿qué es lo que te enamora? me pregunto
para mis adentros
el niño tarahumara
desnutrido pidiéndote korima dólar
el ejército de mierda
cocainómanos gritándole a Piernas-a Güerita-a Masita
nuestras cruces rosas
de impunidad convertidas en un sitio turístico
nuestra política surrealista
podrida egoísta y narca con propuestas estúpidas e ignorantes
o la gente que ya no cree
que no habla
que no exige
que te dice pásale güerito
que bebe y se olvida
ve el fut
y se vende por una despensa

¿qué es lo que te enamora?
que yo también
quiero enamorarme otra vez.

STABILE, Uberto (comp.): *Tan lejos de Dios: Poesía mexicana en la frontera norte*, México DF-Tegueste (Tenerife), Universidade Nacional Autónoma de México-Baile del sol, 2010. ■

Nos comezos de marzo o Exército exipcio detivo unha morea de mulleres por participar en manifestacións no Cairo. Delas, 17 foron levadas a unha prisión militar, onde un home as someteu a «probos de virxindade» ameazándoas de acusalas de prostitución ás que non fosen virxes.

Poucos días despois compareceron diante dun tribunal militar e quedaron libres. A algunhas impuxoselles unha condena adicional dun ano de prisión por cargos como conduta desordenada, destrución da propiedade, obstrución do tránsito ou posesión de armas.

Amnistía Internacional promoveu unha campaña denunciando estes feitos e contra as prácticas degradantes en Exipto de lles facer ás mulleres «probos de virxindade». En xuño, nunha visita a Exipto, Salil Shetty, secretario xeral de Amnistía, nunha reunión con representantes das Forzas Armadas logrou arrincar o compromiso de que non se vai forzar a ningunha muller a someterse a probos de virxindade. ■



O Sindicato Labrego Galego impulsa un mercado de alimentos labregos e unha páxina web no marco da soberanía alimentaria

Unha trintena de afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego acudiron o domingo 4 de setembro a Compostela para vender directamente os seus produtos á xente que se achegou até a Alameda. Hortalizas e froitas de tempada, viños e licores, mel, marmeladas, queixos, fariña, pan, zumes, froitos secos, legumes, doces, ovos e un longo etcétera, puidéronse atopar nos postos de venda que, antes de chegar á hora de peche, ás 14:30 h, xa tiñan rematado as súas existencias. Outra iniciativa promovida polo SLG e enmarcada na reivindicación da soberanía alimentaria para Galiza é a posta en marcha da páxina web «Alimentos labregos». ■

denuncias e comentarios

FORMULAIRE

VEUILLEZ NOUS PRÉCISER VOTRE CIVILITÉ:

Monsieur

Madame

Mademoiselle

Cela ne vous regarde absolument pas mais nous exigeons quand même de savoir si vous êtes vierge, pas mariée, divorcée, veuve ou si vous faites juste jeunette inexpérimentée...

NOM: _____

Nom de jeune fille: _____

Prénoms: _____

Asociacións feministas francesas piden a fin da distinción entre *mademoiselle* e *madame*, uso que comezou co Código Civil de Napoleón (a comezos do XIX).

As feministas considéranlo machista e intrusivo na súa vida privada, pois vense na obriga de revelar o seu estado civil.

Por outro lado, os homes sempre son tratados de *monsieur*.

En castelán, acontece algo parecido. Se se lle aplica señorito a un varón non é equivalente ao señorita delas. Este, de verdade de verdade, só fala da *dispoñibilidade sexual* das mulleres ao non *pertencer* por matrimonio a un señor. Tamén é cousa de nos opor e non dar o dato do estado civil. ■

Con estes xiúces...!


O xiúz Juan del Olmo da Audiencia Provincial de Murcia foi relator da sentenza que revogou unha condena por ameazas a un home que, entre outras lindezas, chamou «zorra» á súa muller e aseguroulle ao fillo común que «ía vela nunha caixa de piñeiro». Razona o xiúz que a palabra *zorra* non sempre proxecta «desprezo ou menosprezo á dignidade da muller», porque ten outras acepcións –como por exemplo a de «persoa astuta»– e que dita palabra non é «expresiva dunha posición de dominio ou unha esixencia de submisión», «incluso procede sinalar que a expresión ‘zorra’ utilizada no escrito do recurso, escoitada a gravación da vista oral, non se utilizou polo acusado en termos de menosprezo ou insulto, senón como descrición dun animal que debe actuar con especial precaución, a fin de detectar riscos contra el mesmo».

Agardo que a Real Academia de la Lengua fiche de contado a tan insigne eminencia. ■

O venres 13 de maio 2011 en Nova Iorque Dominique Strauss-Kahn, presidente do Fondo Monetario Internacional e probable candidato socialista ás presidenciais francesas, rexistrábase no Hotel Sofitel de Manhattan e ocupaba unha suite de 3000 dólares a noite. O sábado 14 unha brigada da policía neoyorquina detíñao cando o avión que ía levalo a París estaba a punto de despegar. Tiña unha orde xudicial por unha denuncia de intento de violación por parte dunha camareira do hotel, Naffissatou Diallo.

Na *confrontación*, unha camareira dese hotel (non é un hotel calquera, desde logo) e o poderoso director do FMI.

Nunca saberemos exactamente que pasou esa noite nesa suite. Si sabemos que esa xustiza debuxada cega ás diferenzas de sexo, clase, etnia, cultura, influencia... liberou a D. Strauss-Kahn, que aterrou en Francia xa ex-director do FMI e por suposto que non candidato ás presidenciais francesas, porén si disposto a restablecer poderío, influencia e prestancia.



Aplicada Anne Sinclair, a súa poderosa esposa, a contribuír a aqueles obxectivos *arranxou* unha entrevista en TF1, unha canle privada. A entrevistadora Claire Chazal, amiga de Anne Sinclair (pechando o círculo), amosou canta compracencia quixo co ex-director do FMI e líder da corrente dereitista do Partido Socialista Francés. É o que ten a igualdade... mesmo esa da que nos falan os partidos socialistas europeos de aquí ou de alí. Diversas organizacións feministas francesas manifestaron o seu rexeitamento e protestas polo tipo de entrevista, compracente con D. Strauss-Kahn eludindo preguntas *molestas* e obviando calquera explicación do acontecido, ao tempo que se fai pasar por mentireira a Naffissatou Diallo. «Asistimos a unha entrevista de conveniencia onde os vínculos de amizade entre a periodista e o entrevistado parecían tan grosos como cables», sinalou en RTL a avogada feminista Gisèle Halimi. ■

denuncias e comentarios



O 1% dos bebés occidentais nacen con ambigüidade xenital. Presentan unha diferenza entre os seus xenitais externos e internos, polo que poden ter características físicas masculinas e femininas. Na maioría dos casos os doutores coa conivencia dos proxenitores se aprestan a *resolver* (*determinar* o seu sexo) con operación para asignar un dos dous sexos que o binarismo acepta: masculino ou feminino. ■

O 23 de outubro celebrouse o Día Internacional pola Despatoloxización da Transexualidade. As organizacións convocantes demandaron á Organización Mundial da Saúde (OMS) que desclasifique a transexualidade como enfermidade mental.

Cunha programación estupenda, como case sempre, «La Noche Temática» da canle 2 da TVE achegábanos o sábado 29 de outubro á cuestión co suxerente título de *El tercer sexo* e a proxección de dous documentais *A ciencia dos sexos* e *A miña aventura intersexual*, un documental autobiográfico da intrépida australiana Phoebe Hart, para comprender a súa historia.

«La Noche Temática» é un programa de calidade que se mantén con altos índices de audiencia desde a súa posta en antena en 1995. Actualmente dirixido por Cecilia Fernández e realizado por Marina Collazo, emítese os sábados ás 23:25 h. Os documentais están dispoñibles na páxina web de rtve.es. ■



Explotación laboral e uso de man de obra infantil

Os segredos de Amancio Ortega e do seu emporio Inditex, promotor-propietario de Zara desvélanse de cando en vez. En Brasil, no estado de São Paulo, descubríronse talleres clandestinos da empresa AHA que procura o 90% da súa produción a Zara. Nun deles 67 persoas desenvolvían o seu traballo amoreadas, en condicións insalubres, con salarios cativísimos (entre 200 e 300 reais –de 90 a 130 €–) con xornadas de ate 16 horas nalgúns casos. Delas, 15 persoas foron introducidas clandestinamente no país (14 bolivianos e unha peruana a quen se lles tiña retida a documentación). Tamén había unha menor de idade.

O representante de Zara no Brasil a petición da Asemblea Lexislativa do Estado de São Paulo terá que comparecer perante a Comisión de Defensa dos Dereitos Humanos, encargada de investigar os feitos.

Non é a primeira vez, non é o único sitio... No número 56 de *Andaina* dabamos conta dos pagos que esta empresa fai ás mulleres de Bangladesh, ás que nin respecta os 162,5 takkas (24 €) fixados polo goberno por horarios de 14, 16 e 18 horas.

O grupo Inditex ten 5000 tendas por todo o mundo. No 2010 tivo unas ganancias superiores aos 1700 millóns de euros. En 2011-2012 agardan vender 4000 millóns de euros, sen contar a tenda *on-line* que botan a andar. Así pode Amancio Ortega viaxar en avión privado, navegar en iate luxosísimo e etc., etc.

Isto non indigna a eses sectores da sociedade que claman ao ceo –nunca mellor dito– cando se fala de explotación sexual. É máis... pásalles desapercibido ou deciden ignoralo. Logo de todo Inditex é unha grande empresa e dá moitísimos postos de traballo. Digno. E explotación laboral parece que non é igual nin parecido á explotación sexual, o que algún día terán que nos explicar. ■

«No tenéis vergüenza, qué falta de respeto que yo tenga que ver esto» dicía José María D.C. de 53 anos á par que lles arrebolaba a cunca do café que degustaba a unha parella de homes que se bicaban no mesmo restaurante, en Madrid. Detivérono. Un dos agredidos levou catro puntos de sutura. Esta é a sociedade democrática e tolerante que algúns quererán impornos! ■

III Encontro de Outras Voces Feministas

PALOMA URÍA

O primeiro fin de semana do mes de abril tivo lugar en Alcalá de Henares o III Encontro de Outras Voces Feministas. O primeiro encontro celebrárase en Madrid en outono de 2006. Foi aquel un encontro fundacional no que debatemos as principais liñas do noso pensamento: a nosa concepción do feminismo e algunhas das súas manifestacións prácticas, como o noso enfoque, en parte crítico, da lei de Violencia Contra as Mulleres ou a nosa concepción da prostitución en tanto que actividade lexítima e a esixencia de recoñecemento de dereitos para as traballadoras do sexo.

Algún tempo despois celebramos un novo encontro en Galicia, no incomparable panorama da vila de Panxón, nun cómodo albergue cedido pola a Secretaría de Igualdade. Neste encontro abordamos a reforma da lei de Interrupción Voluntaria do Embarazo que entón estaba a se debater, volvemos sobre o tema da prostitución, esta vez desde o enfoque das campañas que se estaban a promover contra os clientes, o que nos levou a reflexionar sobre a sexualidade de homes e de mulleres, e retomamos a cuestión da violencia de xénero cunha proposta de avaliación dos resultados da lei. Foi un encontro

intenso de traballo, do que fica ademais a lembranza inesquecible da festa coa que nos obsequiaron as compañeiras galegas.

Pasaron un par de anos e chegara xa o momento de celebrar un novo encontro, porque o panorama feminista móvese con novos e vellos debates e desafíos. Escollemos o centro da península polas súas facilidades de comunicación e atopamos na fermosa vila complutense un bo escenario. Reunímonos 130 mulleres, cun importante número de rapazas novas, nun cómodo hotel e nun non tan cómodo albergue. Os temas escollidos esta vez abordaban proble-





De esquerda a dereita: Cristina Garaizábal, Paloma Uría e Carmen Heredero

[...] o feminismo moveuse nunha certa contradición, pois á par que esixía facilidades para o acceso ao traballo, reclamaba tamén mellores condicións e mais tempo para a dedicación á maternidade e ao coidado

mas concretos que mostran as dificultades para avanzar na igualdade e na independencia das mulleres.

O sábado pola mañá iniciamos as sesións cun saúdo ás asistentes e a primeira mesa redonda, que levaba por título «As políticas de igualdade e os seus límites: o traballo, o coidado, a maternidade», presentada por Carmen Heredero e quen asina este artigo. Na primeira intervención, sinaléi os cambios acaecidos no último século polo que se refire ao papel das mulleres na familia, coa incorporación ao traballo asalariado, á educación e á vida pública e como estes cambios foron vividos de

maneira contraditoria polas mulleres; por unha parte, como un avance na igualdade e na autonomía, pero, ao mesmo tempo, como unha sobrecarga de traballo, a dobre xornada, xa que esta evolución non foi acompañada por un maior compromiso dos homes nas tarefas domésticas e a dedicación ao coidado, nin suficiente atención por parte do Estado para facilitar o traballo das mulleres. Repasei tamén as posicións do movemento feminista, que desde os seus inicios contemporáneos denunciou o sometemento que supuña para as mulleres o traballo doméstico, e reivindicéi a incorporación ao mer-

cado laboral como unha vía no camiño da emancipación feminina. Pero o feminismo moveuse nunha certa contradición, pois á par que esixía facilidades para o acceso ao traballo, reclamaba tamén mellores condicións e mais tempo para a dedicación á maternidade e ao coidado. Pasei despois a analizar as políticas públicas de conciliación da vida laboral e familiar analizando a evolución dos permisos de maternidade e paternidade na Unión Europea e os seus efectos contraditorios, pois se ben facilitaron o acceso das mulleres ao traballo asalariado, non contribuíron á igualdade laboral e salarial nin conseguiron unha suficiente dedicación dos homes á paternidade e ao coidado.

C. Heredero comezou sinalando a escaseza do gasto social que en España se dedica ás familias, xa que segue dominando o modelo segundo o cal o varón é o principal provedor de ingresos e a muller, a encargada do coidado e provedora secundaria de ingresos. Analizou o desenvolvemento das políticas de conciliación impulsadas desde a UE, que consisten sobre todo en permisos laborais utilizados polas mulleres, e a aplicación das directivas europeas na lexislación española. Sinalou os límites das políticas de conciliación, posto que no seu centro se sitúa o incremento da actividade laboral e non na revisión da división sexual do traballo e, ademais, antepoñen as necesidades do mercado de traballo ás da vida persoal e familiar. Con datos precisos e esclarecedores, demostrou que as mulleres seguen sendo as encargadas do coidado das persoas dependentes (nenos e anciáns), mentres que os pais apenas se acollen aos permisos que lles permite a lei. Ao mesmo tempo, os datos indican que son as mulleres as que máis utilizan a xornada parcial, mentres que, entre as razóns que alegan as persoas para non buscar emprego, nas mulleres predomina a de ter responsabilidades familiares. A continuación pasou a analizar como esta situación contribúe a manter a discriminación das mulleres no ámbito laboral: menor taxa de

actividade e de emprego, maior taxa de paro, unha importante fenda salarial e unha menor cobertura do desemprego. Por último, expuxo as diferencias nas pensións, pois só un terzo das contributivas por xubilación son percibidas por mulleres. Finalmente, proferiu unha serie de medidas de acción positiva que poden contribuír a paliar as desigualdades no mercado de traballo.

Despois dun breve descanso, tivo lugar o segundo relatorio: «A transsexualidade: reivindicación da súa despatoloxización. Xéneros e transxéneros: interrogantes para as teorías feministas». Cristina Garaizábal comezou explicando que o contacto do movemento feminista cos colectivos de transexuais provocou un forte impacto nas reflexións sobre a construción dos xéneros e da identidade, o que levou a propoñer que a identidade de xénero non é algo preexistente e fixo, senón continxente e en permanente proceso de construción, e suscitou interrogantes sobre a relación entre a identidade de xénero, o corpo e as preferencias sexuais. Na súa exposición cuestionou o imperativo de adecuar sempre o corpo á identidade de xénero. Os colectivos de transexuais sosteñen hoxe con forza a existencia de despatoloxización da sexualidade, o que implica que non sexa considerada unha enfermidade ou unha desviación, senón unha das posibles variables de identidade xenérica. Partindo da consideración de que corpo e mente se entrelazan e influen e citando a A. Fausto Sterling, cuestionou así mesmo a rixida división das persoas en dous sexos biolóxicos, sen contemplar graos de diferenza. Todo iso conleva o cuestionamento do rixido binarismo de xénero. No campo das estratexias, reflexionou sobre a difícil, pero necesaria, combinación entre o labor explicativo e o valor da transgresión, porque dar valor e lexitimidade a novas formas de vivir o xénero e a sexualidade implica transgredir as ideas *correctas*. Como resumo, formula unha serie de interrogantes: como combinar a crítica á dicotomía de xéneros coa



Cristina Garaizábal comezou explicando que o contacto do movemento feminista cos colectivos de transexuais provocou un forte impacto nas reflexións sobre a construción dos xéneros e da identidade [...]

necesidade de seguir utilizando a categoría mulleres para loitar contra as discriminacións?, que papel xoga a ciencia na regulación dos corpos?, que opinamos sobre a diversidade á que dá lugar o entrecruzamento de xénero e sexualidade?

Despois de comer organizamos o debate en grupo sobre os relatorios presentados pola mañá. Formáronse catro grupos que debateron animadamente durante unha hora e media, incluíndo a posta en común. Un descanso, e a presentación do último relatorio do día: «Os procesos de divorcio: mediación, custodia dos fillos», a cargo de

Luhé Palma. A relatora expuxo os conflitos que se propoñen nos procesos de divorcio e a utilidade do sistema de mediación para abordar da mellor maneira ditos conflitos. Expuxo os principios que deben guiar a mediación familiar e posteriormente centrouse nos problemas que xorden cando o que está en xogo é a custodia dos fillos, así como o papel da mediación neste tipo de conflitos. Ao final do relatorio houbo un debate.

Por último, despois dunha xornada tan intensa e xa un pouco cansadas, abordamos unha discusión que viñamos arrastrando desde o encontro de



[...] as poñentes puxeron sobre a mesa algunhas cuestións ineludíbeis: a necesidade de pór no centro das políticas de loita contra a trata a protección e os dereitos das vítimas, a consideración de que a situación de alegaldade das prostitutas favorece a actuación das mafias e dificulta a certa identificación das vítimas, a necesidade de cuestionar o concepto de explotación sexual [...]

Panxón: a posíbel participación de homes nos nosos futuros encontros. Varias participantes propuxeron o seu interese pola participación nos encontros daqueles rapaces que actualmente están a traballar en grupos mixtos xunto con mulleres que forman parte de Outras Voces Feministas, en concreto nos colectivos polos Bos Tratos. Non propoñían abrir a convocatoria de forma indiscriminada, senón a aquelas persoas coas que se traballa en tarefas relacionadas co feminismo. Houbo algunhas opinións contrarias ou que mostraban as súas dúbidas ante a iniciativa argumentando que é importante para o feminismo manter espazos só de mulleres e lembrando a tradición do movemento feminista e a importancia e a forza que tivo para as mulleres a decisión de se organizar en tanto que tales. Ao final aprobouse que no próximo encontro se convide a rapaces de forma selectiva.

E así acabou a Xornada. Despois da cea había dous actividades: unha festa no albergue e a proxección do curto

Guerriller@s, de Montse Pujantell, un documental sobre transexuais que suxire unha reflexión sobre a identidade de xénero .

O domingo pechamos o Encontro cunha mesa redonda sobre «A trata de persoas con fins de prostitución», presentada por Hetaira. As relatoras, Silvia García e Cristina Garaizabal, ofreceron as cifras que se manexan sobre a trata de persoas (non só con fins de prostitución) e que poñen de manifesto que nos atopamos ante un serio problema social. Expuxeron as diversas iniciativas impulsadas pola Unión Europea para combater a trata: o Protocolo de Palermo (2000) define a trata como unha actividade ilícita que reúne os seguintes elementos: captación das vítimas mediante coerción, ameaza ou engano... con fins de explotación. O chamado Convenio de Varsovia (2005) instaba aos países membros a elaborar planos de loita contra a trata poñendo os dereitos humanos das vítimas no centro das accións institucionais. España ratifica este convenio e elabora o Plan In-

tegral de Loita Contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual, introduce no Código penal un novo título relativo á trata de seres humanos e incorpora na lei orgánica sobre os Dereitos dos Estranxeiros un artigo sobre vítimas de trata. As relatoras sinalaron os xeitos positivos destas reformas e subliñaron as súas graves deficiencias: só contempla a trata con fins de prostitución (que en cifras é a menos relevante); non diferencia a prostitución voluntaria da forzada, co que adopta as posturas abolicionistas que non recoñecen a autodeterminación das prostitutas e negan a súa capacidade de consentimento; só protexe ás mulleres que denunciaron e cooperan coas autoridades. En realidade, a legislación española tende a confundir tráfico ilegal de persoas, onde existe consentimento, aínda que se produzan graves abusos, e a trata. Por outra parte, as actuacións policiais dos últimos anos foron dirixidas máis a detectar a inmigración irregular e a pór trabas ao exercicio da prostitución que a combater a trata de persoas. Para finalizar, as poñentes puxeron sobre a mesa algunhas cuestións ineludíbeis: a necesidade de pór no centro das políticas de loita contra a trata a protección e os dereitos das vítimas, a consideración de que a situación de alegaldade das prostitutas favorece a actuación das mafias e dificulta a certa identificación das vítimas, a necesidade de cuestionar o concepto de explotación sexual por ser un concepto ambiguo e de difícil aplicación práctica (na realidade este concepto identifícase coa prostitución cando median terceiros, elevando ao máximo o delito de proxenetismo aínda que medie consentimento), así como a necesidade dunha nova definición do delito de trata para abranguer o traballo forzado por terceiros baixo coacción, segundo a definición da OIT e en réxime de escravitude; é dicir, sen control sobre a propia vida.

E así finalizou o Encontro: día e medio de intensos debates, moito ánimo e ganas de repetir. ■

Encontro de xornalistas con visión de xénero en Fez: **Marrocos,** mero observador da primavera árabe

ÁUREA SÁNCHEZ

A Rede Internacional de Periodistas con Visión de Xénero (RIPVG) pediu no encontro celebrado en Fez que os estados estean obrigados a garantir a liberdade de expresión; que México teña que investigar tódolos crimes cometidos e atentados contra as mulleres xornalistas. O encontro pide que os aclare e os castigue; solicita protección das xornalistas deste país centroamericano no exercicio da profesión e pronúnciase contra á discriminación que viven en todo o mundo as mulleres xornalistas no plano salarial, laboral e profesional.

Considera a Rede de Periodistas con Visión de Xénero «inadmisíbel» a difusión nos medios de comunicación de anuncios de contactos, «que encobren a trata e o tráfico de persoas e a explotación sexual comercial de nenas e mulleres» e reconece a promulgación do Decreto 936 de xullo de 2011 da República Arxentina que prohíbe estas publicacións como exemplo a seguir.

Respecto ós Dereitos Humanos, ó libre tránsito de persoas e á feminización do fenómeno migratorio, recorda que é «unha responsabilidade dos medios de comunicación» o tratamento

informativo con enfoque de xénero. A Rede Internacional de Xornalistas con Visión de Xénero (RIPVG) comprométese a visibilizar a situación das mulleres migrantes.

México, 2013

México volverá a ser sede do encontro de Periodistas con Visión de Xénero sete anos despois da primeira reunión celebrada en Morelia no ano 2005. A situación de extrema violencia que vive o país, e en especial a violencia que sofren as mulleres xornalistas, motivaron que a RIPVG volva elixir México como



1. Áurea Sánchez intervindo no encontro en representación da Agrupación de Mulleres Xornalistas da Asociación de Periodistas de Santiago (APSC)
2. Áurea Sánchez falando no encontro
- 3 e 4. Público no encontro de Fez
5. Grupo de xornalistas asistentes ó encontro de Fez, outubro de 2011
6. Mesa de autoridades na inauguración do encontro



Tanto as representantes de México como as de Colombia reclamaron un programa de protección de xornalistas para previr a violencia sexual, amparado na Resolución 1325 da ONU, que contempla a participación das mulleres en procesos de paz

sede do próximo congreso que se celebrará no ano 2013 nunha cidade aínda por determinar.

Morelia (México), no ano 2005; Oviedo (España), no 2007, Cartaxena (Colombia), no 2009 e agora Fez (Marrocos), en outubro de 2011, en cada unha das catro conferencias internacionais vaise incrementando o número de xornalistas que describen as dificultades do exercicio dunha profesión moi perigosa, especialmente se se pertence ó xénero feminino.

As representantes mexicanas denunciaron que o «feminicidio» non é recoñecido como tal, e que se enmarca o problema noutro máis xeral, como é o crime organizado. Recordaron as asistentes a loita de Lidia Cacho contra a trata de persoas e sinalaron que desde o ano 2000 levan morto en México 80 xornalistas, pero as autoridades non

aclaran cantas son mulleres que faleceron no exercicio desta profesión considerada de alto risco.

Arxentina, coa rede PAR, Colombia co programa de protección e seguimento á xornalistas que abandonan a profesión polo cansazo que lles produce o conflito entre a guerrilla, o Exército, paramilitares e narcotraficantes, e México, coa rede de solidariedade contra a impunidade dos crimes que se cometen, forman unha tea de loita polos dereitos das mulleres xornalistas en Latinoamérica coma nunca houbo. Así se deixou ver no encontro de Fez.

A colombiana Fabiola Calvo expuxo como repercute na actividade xornalística das mulleres do seu país o conflito armado, que procede do chamado «pacto de exclusión» do ano 1957, polo que nacen os grupos guerrilleiros, ós



que hai que engadir a problemática dos narcotraficantes, paramilitares e o Exército.

Sinalou Fabiola Calvo que o conflito armado modifica a vida de catro millóns de persoas e que os dereitos das mulleres resultan seriamente danados. Un estudo revela o alto grao de abandonos da profesión das mulleres xornalistas, maior que o de homes. En moitos casos vense obrigadas a mudar de lugar habitual residencia e traballo, para evitar seren danadas polo conflito armado.

Tanto as representantes de México como as de Colombia reclamaron un programa de protección de xornalistas para prever a violencia sexual, amparado na Resolución 1325 da ONU, que contempla a participación das mulleres en procesos de paz.

Primavera árabe

Marrocos, como país anfitrión do encontro de Fez, quixo dar unha imaxe de apertura e progreso coa presenza e participación no mesmo de estudantes concienciadas polo cambio e xornalistas cun pasado de represión política ás que agora se lles permite liderar, en certo modo, esa revolución silenciosa. Por iso unha das intervenientes chegou a afirmar sobre a primavera árabe: «eles están en revolución, nós en evolución», referíndose ós países do Magreb nos que as manifestacións de protesta conseguiron botar dos gobernos ós mandatarios, son os casos de Exipto, Túnez e Libia.

O mesmo día que daba comezo o encontro de Xornalistas con Visión de Xénero en Fez producíase en Libia a morte do coronel Muamar el Gadafi, abatido polos rebeldes na batalla de Sirte. ■

Un estudo revela o alto grao de abandonos da profesión das mulleres xornalistas, maior que o de homes. En moitos casos vense obrigadas a mudar de lugar habitual residencia e traballo, para evitar seren danadas polo conflito armado

Os Premios Nobel e as mulleres

FELICIA ESTÉVEZ SALAZAR

O Premio Nobel da Paz 2011 outorgóuselles a tres señoras que salientan pola loita a favor da seguridade e dos dereitos das mulleres. Elas son: Ellen Johnson Sirleaf, presidenta de Liberia desde xaneiro de 2006 e coñecida como *a dama de ferro*; Leymah Gbowee, activista liberiana coñecida como *a guerreira da paz*, e Tawakkol Karman, xornalista iemení, coñecida como *a filla coraxe de Iemen*.

Ellen Johnson Sirleaf é a primeira muller que chega á presidencia dun país de África. Procedendo de familia humilde, sen embargo consegue estudar nun lugar onde a taxa de alfabetización feminina hoxe é do 51%.

No ano 1961 viaxa a Estados Unidos e remata os seus estudos na Universidade de Colorado. Máis tarde fará un mestrado sobre Administración Pública en Harvard. Regresa a Liberia e vai

traballar no goberno de William Tolbert como ministra de Facenda entre os anos 1972 e 1973, mais dimite antes de rematar o mandato. Quizais iso foi o que a salvou de ser asasinada cando o sarxento Samuel Doe dá un golpe militar e ordena o fusilamento do presidente e varios membros do seu goberno.

Ela logrou fuxir e estivo exiliada en Kenya, onde traballou como directora do Citibank en Nairobi entre os anos 1983 e 1985. Regresou a Liberia para participar nas eleccións fronte a Samuel Doe, mais foi condenada polas súas acusacións contra o réxime militar aínda que máis tarde conseguiu cambiar o cárcere polo exilio.

Ellen marchou a Washington, onde traballou entre 1992 e 1997 como directora da Oficina Rexional para África no Programa das Nacións Unidas para o



Ellen Johnson Sirleaf



Desenvolvemento. Mais non se deu por vencida e regresou ao seu país participando nas eleccións presidenciais de 1997, nas que só conseguiu un 10% dos votos, fronte ao 75% de Charles Taylor. O goberno de Taylor¹ levou o país a unha segunda guerra civil en 1999 que durou ata o ano 2003, en que Taylor, dada a presión internacional para que dimitise, aceptou a oferta de asilo de Nixeria. Así, nese ano formouse un goberno de transición que prepararía o país para a realización das eleccións de novembro de 2005, das que saíra elixida presidenta Ellen Johnson Sirleaf.

Leymah Gbowee, tamén liberiana, estudou na Universidade de Harrisonburg, Virxinia. Esta activista pacifista en palabras do presidente do comité Nobel noruegués «mobilizou e organi-



Leymah Gbowee

despois xuntábanse nos mercados e vestíndose de branco denunciaban as mortes, as humillacións, os secuestros, a guerra. Sen embargo, a súa notoriedade e o seu salto aos medios de comu-

Leymah Gbowee, [...] esta activista pacifista en palabras do presidente do comité Nobel noruegués «mobilizou e organizou as mulleres máis alá das liñas de división étnicas e relixiosas para poñer fin a unha longa guerra en Liberia e asegurar a participación das mulleres nas eleccións»

Leymah Gbowee, *a guerreira da paz*, recibiu varios premios polo seu labor e desde o ano 2007 é a directora da Rede de Mulleres pola Paz e a Seguridade en África.



Premios Nobel da Paz 2011



Manifestación de mulleres pola paz en Liberia

zou as mulleres máis alá das liñas de división étnicas e relixiosas para poñer fin a unha longa guerra en Liberia e asegurar a participación das mulleres nas eleccións».

Leymah Gbowee é a coordinadora de Mulleres no Programa de Construción da Paz; é fundadora do grupo de Acción Masiva de Mulleres pola Paz de Liberia. Este colectivo no que se reuniron mulleres cristiás e musulmás,² organizou diferentes protestas pacíficas contra o goberno de Charles Taylor (presidente entre 1997-2003). Empezaron reuníndose para rezar pola paz,

nicación vai ser no ano 2002 polo lema e acción *strike sex*. Igual que na *Lisístrata* de Aristófanes, as mulleres liberianas puxéronse en folga de sexo mentres continuase a guerra no país.³ Así, ata conseguir unha audiencia co presidente de Liberia, Charles Taylor, e asegurar a súa presenza nas negociacións de paz en Gana.

Estas accións contribuíron a por fin no ano 2003 ao segundo conflito armado en Liberia e sumaron esforzos na caída do seu presidente, Charles Taylor, que sería posteriormente xulgado por crimes de guerra no Tribunal da Haia.

¹ Charles Taylor está acusado de mortes e violacións e de ter usado os nenos soldado, ademais de ter dirixido e armado os rebeldes da Fronte Revolucionaria Unida de Serra Leoa a cambio de diamantes en bruto.

² O colectivo musulmán, Liberia Muslim Women's Organization, estaba liderado por Asatu Bah Kenneth.

³ Pódese ver unha entrevista no programa de ABCNews *Unha mañá con Christiane Amanpour* (<http://youtu.be/j3EOib1-Bx1g>), na que explica como nace a idea da folga de sexo e como as mulleres a levan adiante.



Tawakkol Karman é a primeira muller árabe que recibe este premio e a primeira con *hijab*

A historia deste movemento de mulleres en Liberia pode verse no documental *Pray the Devil Back to Hell*, da directora Gini Reticker.

Premiada tamén co Nobel da Paz 2011 é a iemení Tawakkol Karman. Tawakkol Karman é a primeira muller árabe que recibe este premio e a primeira con *hijab*. Naceu no ano 1979, seis meses despois de que Ali Abdallah

Saleh chegase ao poder. Medrou nun país no que case o 45% da poboación vive con menos de dous dólares diarios, no que a taxa de analfabetismo é dun 58,9% e no caso das mulleres dun 70%, no que hai un 1,9 millóns de nenas fóra do sistema educativo. En Iemen hai rexistradas 14.632 escolas, pero moitas delas son construcións en lata ou baixo as árbores e poden agrupar a máis de 100 estudantes por clase.

Tawakkol Karman foi quen de erguer a súa voz nun país no que as mulleres seguen estando relegadas a un segundo plano. Foi en 1990 cando Iemen recoñeceu por primeira vez o dereito das mulleres a ser candidatas e asumir funcións públicas, mais só houbo dúas mulleres electas nas lexislaturas de 1993 e 1997. Para a elección dos Consellos de Goberno de 2001 houbo 120 mulleres candidatas fronte a 23.892 homes (0,50%) e para os Consellos das Direccións houbo 108 mulleres fronte a 21.924 homes (0,49%).

Esta xornalista milita no partido da oposición islamista Al-Islah que conta con 46 representantes na Asemblea de Representantes, fronte aos 238 do Congreso Xeral do Pobo, partido do que forma parte o presidente.

No ano 2005 creou Mulleres Xornalistas Sen Cadeas⁴ (WJWC),⁵ unha organización non governamental *que traballa para promover os dereitos civís, en particular a liberdade de opinión e de expresión e os dereitos democráticos.*

Esta ONG desde o ano 2007 participa ou organiza manifestacións en contra do goberno. Todos os martes concéntranse fronte á sede do goberno en protesta pola falta de liberdade de expresión, os matrimonios infantís e outras violacións dos dereitos humanos. Este feito por si mesmo xa é revolucionario nun país no que as mulleres dependen do permiso dos homes para facer a maioría das actividades cotiás (traballar, conducir, saír). O 22 de xaneiro os servizos de seguridade detivérona xunto con trinta persoas máis. Ese feito converteuna nun símbolo das revoltas e a denuncia da situación en Iemen na prensa internacional.

En resposta a esta detención multiplicáronse as manifestacións de apoio nas que a fotografía de Tawakkol era levada como estandarte. Ofrecéronlle liberala ao día seguinte, mais ela negouse mentres non liberasen as demais activistas.

En Iemen aínda non se conseguiu nin o cese das hostilidades nin a caída do réxime a pesar das promesas de cambio de Ali Abdallah Saleh, pero as mulleres xa se atreven a saír a rúa como o fixeron o 26 de outubro en Saná, prendéndolle lume aos seus veos en protesta polas mortes ocorridas nunha manifestación anterior, mentres berriban «esta é unha reivindicación das mulleres libres de Iemen, queimamos os nosos veos para que o mundo sexa testemuña das masacres dirixidas polo tirano Saleh».

Esperemos que con este Nobel da Paz a voz de Tawakkol Karman sexa escoitada e sirva para a realización do cambio tan desexado no seu país.

⁴ Para contactar con esta organización: Tel.: +967 1 210543 Fax: +967 1 210 523. Email: info@womenpress.org ou without-chains@gmail.com

P.O. Box: Yemen, Sana'a 12702 Daery Street Behind Old University Post Office.

⁵ wjwc: son as iniciáis inglesas de Women Journalist Without Chains.

As mulleres e os premios Nobel

Nisto dos Nobel parecía que Marie Curie, primeira muller en recibir este premio e a única en recibilo dúas veces, creara un precedente na presenza feminina entre as persoas premiadas, pero con máis de cen anos de distancia os avances das mulleres van moi lentos, tan paseniño como o cumprimento da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

O artigo 1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos⁶ di: «Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, [...]».

Mais unha cousa é o que aparece nos papeis e outra a realidade. Que todos os seres humanos non son iguais en dignidade e dereitos e que non están



Toni Morrison, Nobel de Literatura en 1993

dotados igualmente de razón e conciencia sábeo ben o comité que selecciona ano tras ano desde 1901 os homes e mulleres a quen se lles conceden os Premios Nobel, porque só 44 mulleres recibiron este galardón fronte aos 786 varóns, o que supón un 5,59% de señoras dotadas de razón e conciencia.

Quizais pareza que iso da desigualdade é cousa do pasado ou das épocas en que as mulleres non ían as universidades ou non podían traballar en investigación, pois non, estes datos son de plena actualidade: nos Nobel do 2011 só tres mulleres fronte a dez varóns re-

cibiron esta homenaxe ou, o que é o mesmo, recibiron unha mención (Premio Nobel da Paz) fronte ás cinco restantes (Medicina, Física, Química, Literatura e Economía) que foron para os varóns.

O artigo 2 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos di: «Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición».

Tampouco se cumpre a equidade en canto a raza e/ou cor, xa que desde o ano 1901 en que se outorgan os primeiros premios, teñen que pasar oitenta e cinco anos para encontrar no ano 1986 o primeiro Premio Nobel de Literatura nun escritor africano de raza negra, o nixeriano Wole Soyinka. Ou achegarnos á década dos noventa cando se lle concede o Nobel a Nadine Gordimer (1991), escritora branca mais sudafricana. E en 1993 encontramos a Toni Morrison, escritora negra estadounidense.

Que de África só teñamos dúas representantes nos premios Nobel só podería explicarse se formase parte dese comité de expertos o doutor James Watson, Premio Nobel de Medicina en 1962, pola súa axuda nas investigacións sobre o ADN. O científico fixera unhas «tristes e racistas» declaracións ao diario británico *Sunday Times*: «todas as políticas sociais (dirixidas a África) están baseadas no feito de que a súa intelixencia é a mesma cá nosa, mentres que todas as probas din que non é así en realidade». Tampouco se tivo demasiado en conta o testamento do filántropo Nobel: «É o meu expreso desexo que, ao outorgar estes premios, non se teña en consideración a nacionalidade dos candidatos, senón que sexan os máis merecedores quen reciban o premio, sexan escandinavos ou non».

Parece que os máis merecedores seguen sendo varóns e sobre todo estadounidenses.






Marie Curie, Nobel de Física en 1903 e Nobel de Química en 1911

Se situamos as señoras galardoadas segundo os seus países e/ou continentes de orixe temos: dezasete europeas; catorce estadounidenses; dúas de América do Sur; dúas asiáticas; catro africanas; unha australiana; tres dos países de Oriente Próximo e Oriente Medio. Hai unha evidente infrarrepresentación dalgúns continentes e ningunha muller canadense ou chinesa, por exemplo.

En canto á categoría dos premios, tamén se pode ver o escorado lado feminino da cuestión, xa que mentres só hai unha muller, Elinor Ostrom, galardoada co Nobel de Economía en 2009, hai doce mulleres co Nobel da Paz e outras doce co Nobel de Literatura. Oslo tamén se inclina por esa división tan absurda das *cousas de letras e os asuntos sociais* para as rapazas, mentres que os temas científicos son para os varóns: só temos catro mulleres co Nobel de Química e dúas co de Física. Menos mal que niso da Medicina vai aumentando o número de señoras e hai dez que recibiron ese galardón.

Cando veremos a balanza escorada para o lado feminino? ■

⁶ Resolución 217 A (III) do 10 de decembro de 1948, París.



MULLERES NAS ESTRELAS

JOSEFINA F. LING

en nome do grupo

*Ela é unha Astrónoma*¹

Neste último artigo da serie dedicada as diferentes actividades impulsadas polo grupo de traballo *Ela é unha Astrónoma*,¹ falaremos do ambicioso proxecto levado a cabo para achegar a todos os fogares españois, a través do medio de comunicación máis popular, a televisión, os distintos aspectos relacionados co papel da muller no ámbito astronómico. Trátase dunha colaboración que xurdiu entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), coordinada pola Dra. Carmen Carreras, e o grupo *Ela é unha astrónoma*, coordinada pola Dra. Josefa Masegosa, para a realización dunha serie televisiva de oito capítulos sobre as astrónomas españolas que ao longo de varias décadas contribuíron ao desenvolvemento da Astronomía no noso país.

A realización das reportaxes foi levada a cabo polo equipo técnico do Centro de Deseño e Producción de Medios Audiovisuais (CEMAV) da UNED, e a emisión en directo dos mesmos tivo lugar, ao longo dos anos 2009 e 2010, a través da Televisión Educativa da UNED, a 2 de TVE e a canle internacional de Radio Televisión Española. Na actualidade as persoas interesadas poden visionalos a través da páxina web da Comisión Muller e Astronomía da Sociedad Española de Astronomía (<http://www.sea-astronomia.es/drupal/?q=node/1162>) ou no repositorio da Canle uned (<http://www.canaluned.com>).

Obxectivos do proxecto

A motivación da elaboración destes episodios de televisión para dar a coñecer á audiencia a contribución das mulleres pioneiras da Astronomía española pódese resumir do seguinte xeito:

- ▶ Intentar dar resposta á pregunta de, *ata que punto a realidade actual da Astronomía en España tería sido posible sen o seu traballo?*
- ▶ Compartir a súa experiencia vital nos diferentes contornos nos que realizaron a súa actividade investigadora, dando a coñecer as dificultades que encontraron para desenvolverse como científicas nun ámbito fundamentalmente masculino.
- ▶ Mostrar ao gran público, como valor engadido, os lugares máis emblemáticos da Astronomía española, cubrindo desta maneira unha dobre finalidade: difundir a Astronomía e visibilizar as nosas astrónomas.

¹ Compoñentes do grupo *Ela é unha Astrónoma*: FRANCESCA FIGUERAS SIÑOL (coordinadora do grupo), Universidade de Barcelona; ADRIANA KICZKOWSKI, consultora de Xénero; JOSEFINA F. LING, Universidade de Santiago de Compostela; BELÉN LÓPEZ MARTÍ, Centro de Astrobioloxía (CAB), INTA-CSIC; ISABEL MÁRQUEZ PÉREZ, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC; JOSEFA MASEGOSA GALLEGO, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC; EULALIA PÉREZ SEDEÑO, Centro de Ciencias Humanas e Sociais (CCHS) - CSIC; BLANCA TROUGHTON LUQUE, IES Los Manantiales, Torremolinos (Málaga); MONTSERRAT VILLAR MARTÍN, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC.

Contidos dos programas

De seguido indícanse os títulos dos oito programas que forman a serie e un pequeno resumo do contido de cada un deles.

Mulleres nas estrelas, 2009.

Ano Internacional da Astronomía

Este primeiro programa ten por escenario o Observatorio Astronómico Nacional (OAN), fundado en 1790, que xunto co Real Instituto e Observatorio da Mariña de San Fernando é unha das institucións astronómicas españolas máis veteranas. Nel faise unha presentación dos obxectivos desta serie, do Ano Internacional da Astronomía (AIA) e das actividades do grupo *Ela é unha astrónoma*, a cargo das Dras. Josefa Masegosa, Francesca Figueras e Eulalia Pérez Sedeño. Participan así mesmo a astrónoma máis antiga do OAN, a Dra. Asunción Fuente, e a Dra. Carmen Carreras da UNED. Tamén se inclúen entrevistas realizadas durante o acto de inauguración do AIA, que tivo lugar no CSIC, á coordinadora española, a Dra. Montserrat Villar, á presidenta da Unión Astronómica Internacional, a Dra., Catherine Cesarsky e ao presidente do CSIC, o Dr. Rafael Rodrigo.

Mulleres nas estrelas II:


As pioneiras españolas: o inicio do camiño

O segundo capítulo esta dedicado ás primeiras astrónomas profesionais das que se teñen noticias na historia da Astronomía en España. Foi gravado no Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela, onde se formou a primeira de todas, a Dra. Antonia Ferrín Moreiras. Da man das Dras. Josefina F. Ling, astrónoma de dito observatorio, e Francesca Figueras, coordinadora española do proxecto piar *Ela é unha astrónoma*, cóntase cos testemuños da Dra. Ferrín e da Dra. Asumpció Catalá, primeira astrónoma da Universidade de Barcelona. Elas ilústrannos sobre as dificultades que encontraron as primeiras mulleres nun mundo onde o acce-

so á universidade estaba restrinxido a unhas poucas privilexiadas. Para nós este capítulo ten un significado emocional moi importante, xa que ambas astrónomas faleceron durante o ano 2009 e este episodio convértese no legado audiovisual, para as futuras xeracións, destas mulleres que nos abri-ron as portas ao mundo da Astronomía profesional.

Mulleres nas estrelas III: Astrónomas na universidade

Preséntase aquí a importancia da universidade no acceso á carreira investigadora das mulleres interesadas na Astronomía, centrándonos nas grandes universidades madrileñas como a



Universidade Complutense (UCM) e a Universidade Autónoma (UAM). Considérase moi relevante a existencia de modelos de profesoras de Astronomía para o desenvolvemento posterior das universitarias como profesionais desta ciencia.

Para axudarnos a comprender esta situación cóntase coas Dras. M.^a José Fernández Figueroa e Elisa de Castro da UCM e Rosa Domínguez Tenreiro e Ángeles Díaz da UAM. Todas elas foron pioneiras en ambas as dúas universidades e foron mestras de boa parte dos astrónomos e astrónomas profesionais deste país.

Mulleres nas estrelas IV: Mirando ao ceo: mulleres nos observatorios I

Neste programa reflíctese outra realidade ben distinta e complementaria á anterior, a das astrónomas nos observatorios. Gravouse nos observatorios de Sierra Nevada (Granada) e de Calar Alto (Almería). As experiencias vividas en ámbolos dous observatorios puxeron de manifesto as dificultades que tiveron que afrontar as primeiras astrónomas, non só para facerse un lugar na ciencia, senón mesmo para poder facer unha observación por elas mesmas.

As nosas astrónomas observacionais, as Dras. Pilar López de Coca e Mercedes Prieto, móstrannos a realidade vivida aos comezos da Astronomía

observacional española, durante as décadas dos anos setenta e oitenta. As Dras. Isabel Márquez e Josefa Masegosa ilustran o seu desenvolvemento a partir dos noventa ata hoxe. Tamén a Dra. Carmen Morales, quen ten unha traxectoria de tipo máis técnico no Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), achéganos á situación das astrónomas nos observatorios espaciais.

Mulleres nas estrelas V: O GRANTE- CAN: mulleres nos observatorios II

Móstrase neste episodio como o desenvolvemento da Astronomía observacional en España estivo dende os seus

inicios, nos anos oitenta, ligado ao desenvolvemento do equipamento científico nas Illas Canarias. Faise un percorrido tanto polos comezos da Astronomía observacional infravermella no Observatorio del Teide (illa de Tenerife) como polas instalacións do Observatorio del Roque de los Muchachos (illa de La Palma), para concluír co instrumento máis poderoso de que dispoñemos, a nivel mundial, para a observación no rango óptico-infravermello do espectro electromagnético, o Gran Telescopio Canarias (GRANTECAN). Todo iso da man de astrónomas do Instituto de Astrofísica de Canarias, as Dras. Mercedes Prieto, M.^a Jesús Arévalo, Antonia Varela e Begoña García Lorenzo.

MAT, e Mercedes López, da Institución Carnegie de Washington, poidéronse visibilizar as circunstancias de observación nos observatorios espaciais.

Mulleres nas estrelas VII: Un futuro prometedor

Este capítulo pecha a nosa viaxe polas diferentes realidades das astrónomas españolas. Filmouse en Barcelona, no Centro de Supercomputación e na sé central da Universidade de Barcelona. Nel vese como a Astronomía teórica necesita do concurso de grandes medios instrumentais, grandes ordenadores, en vez de telescopios, para mostrarnos como é o universo que observamos mediante simulacións informáticas.

[...] as persoas implicadas neste traballo gozamos na realización dos programas da serie, e sentímonos moi satisfeitas dos resultados acadados e do seu impacto tanto no público xeral como na comunidade educativa e científica do noso país

mulleres na Astronomía española: Análise dunha situación singular (Andaina, 57, (1), 2011) polas responsables do mesmo, a Dra. Eulalia Pérez Sedeño e Adriana Kiczkowski.

Finalmente, e a modo de resumo, todo o equipo de *Ela é unha Astrónoma* fixo unha avaliación desta fascinante experiencia, a de coñecer a Astronomía española a través das súas astrónomas. Contamos para iso co marco incomparable da biblioteca, sala de reunións e xardíns da Residencia de Señoritas (actual Fundación Ortega y Gasset), pola que pasaron gran parte das primeiras mulleres científicas no primeiro terzo do século pasado, desde a súa fundación, en 1915, ata o seu peche con motivo da guerra civil.

Para finalizar queremos sinalar que todas as persoas implicadas neste traballo gozamos na realización de cada un dos programas da serie, e sentímonos moi satisfeitas dos resultados acadados e do seu impacto tanto no público xeral como na comunidade educativa e científica do noso país. Concretamente nestes dous últimos aspectos salienta que na X edición do Concurso «Ciencia en Acción», celebrada no Parque das Ciencias de Granada en setembro de 2009, a nosa serie acadou unha mención de honor na modalidade de Traballos de Divulgación Científica en Soportes Adecuados. E no acto de clausura do AIA, no que se presentaron todos os proxectos realizados polos equipos formados para o desenvolvemento dos distintos piares, recoñeceu esta serie como o mellor traballo neste campo e o único na súa modalidade. ■



Mulleres nas estrelas VI: Os observatorios espaciais

As mulleres que realizaron a súa traxectoria investigadora en centros tecnolóxicos, non vinculados a universidades, teñen o seu espazo nesta gravación realizada en Madrid nos seguintes centros: Centro de Seguimento de Satélites (Villafranca del Castillo), Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), Centro de Astrobiología del CSIC-INTA e Centro de Investigaciones Energéticas y Medioambientales (CIE-MAT). Grazas á colaboración das Dras. María Santos Lleó, da Axencia Europea do Espazo, Mercedes Mollá, do CIE-

Coa participación da única profesora de investigación do país, a Dra. Margarita Herranz, da profesora da Universidade de Barcelona, Carme Jordi, e de dúas astrónomas novas e brillantes, as Dras. Olga Muñoz e Maite Beltrán, podemos entender a realidade coa que se atopan na actualidade as mulleres que queren facer unha carreira profesional no campo da Astronomía.

Mulleres nas estrelas VIII: Con nomes e apelidos

O último programa está dedicado á socioloxía da Astronomía, preséntanse os resultados do estudo sociolóxico *As*


Entrevista


a unha representante de CAVIDA (Comunidades de Autodeterminación, Vida e Dignidade)

«Estamos ameazados por unha incursión paramilitar que din que se ten que realizar antes do 2012»

Ao norte do mapa colombiano, no Golfo de Urabá, está situado o Tapón do Darien, unha área estratéxica polos seus recursos naturais e o único tramo que queda por construír da estrada Panamericana. Unha representante da organización CAVIDA (Comunidades de Autodeterminación, Vida e Dignidade), que quere permanecer no anonimato, polo que usaremos o pseudónimo de Teresa Rodríguez, explica a situación de alerta inminente.

Desde o pasado 10 de outubro paramilitares están operando no porto de Turbo, Antioquia, controlando a entrada de alimentos polo río Atrato á zona de Cacarica e ameazando os membros dos consellos comunitarios das zonas humanitarias. Segundo un informe de Xustiza e Paz anunciaron que van entrar nos territorios colectivos de Cacarica acusando a xente de apoiar a guerrilla.





AIDA I. DE PRADA

A: Estás a facer unha xira por Europa, como representante de CAVIDA, para visibilizar a problemática do conflito armado que aínda continúa. Que é CAVIDA?

TR: É unha organización que nace a consecuencia dun desprazamento no ano 1997, «Operación Xénese», comandada polo xeneral Rito Alejo del Río, xunto co antigo presidente de Colombia, Álvaro Uribe. A raíz disto vímonos obrigados a saír das nosas comunidades. Viamos que a diferenza de moitas persoas que as desprazaron e viviron na cidade, as nosas vidas non están na cidade, para vivir como mendigos... realmente non é o noso espazo, porque nós non somos pobres, somos ricos en canto a recursos de ouro, con todo, estamos empobrecidos por un sistema que nos oprime. Foi por iso polo que decidimos unírnos e consolidar un proceso. Formarnos para saber que iamos volver no medio da guerra, pero con principios claros, como a liberdade, a verdade, a xustiza, a fraternidade e a solidariedade. Ese é o noso proxecto de vida e ese é o obxectivo fronte ao que nós nos enmarcamos nunha defensa da vida e dun territorio.

A: Despois de dez anos do regreso ao voso territorio, diferentes actores armados estiveron presentes na zona, mais agora a situación é crítica, que está a ocorrer?

TR: Estamos ameazados por unha incursión paramilitar que din que se ten que facer antes de 2012. Tamén temos reféns. Quedan coa comida da xente porque se supón que levamos comida para a guerrilla, que somos guerrilleiros..., tírnos panfletos ás zonas humanitarias dicindo «guerrilleiro, desmobilízate, a liberdade



Para facer a Panamericana non se fixo o que ten que se facer: consultar coas comunidades e, tamén dentro desta consulta, debe probar que este proxecto non vai contra o desenvolvemento da cultura, do desenvolvemento sostible dun pobo, contra o medio ambiente e a súa alimentación

Iso é o que di o Estado, de feito para moitas organizacións é un gran avance que o actual presidente recoñecese que hai un conflito en Colombia. Nós cremos que é unha estratexia do Estado para continuar

espérate». Para nós, estas son acusacións moi graves, xa que o presidente está a dicir que os lugares onde haxa guerrilla hainos que bombardear, non importa que haxa poboación civil. Isto ponnos como un obxectivo militar e desde logo que nos preocupa, e moito, porque non nos permite manter a nosa soberanía alimentaria. Nós o que facemos é defender a vida e o territorio, xa que o territorio é noso e querennolo quitar por intereses agro-industriais, para levar adiante megaproxectos como a coca, a palma ou o cacao.

A: Ademais destes megaproxectos tamén está a Panamericana, como vos afecta o trazado desta estrada?

TR: O Estado xa fixo concesións para que se trace esa estrada, e din que poden utilizar o terreo que se necesite. Suponse que o Estado nos deu un título colectivo, de 103.024 hectáreas, que rexistra que as nosas terras non se poden embargar e que isto non prescribe. Queremos que se respecte iso e sobre todo que se respecte o dereito á consulta previa, que é avalado pola Organización Internacional do Traballo no artigo 169. Para facer a Panamericana non se fixo o que ten que se facer: consultar coas comunidades e, tamén dentro desta consulta, debe probar que este proxecto non vai contra o desenvolvemento da cultura, do desenvolvemento sostible dun pobo, contra o medio ambiente e a súa alimentación.



Por iso estamos ameazados, a eles sérvelles precisamente para quitarnos do medio e levar adiante todos os seus proxectos de infraestrutura. Está claro que na zona hai guerrilla, con todo, desde o desprazamento vimos que ese non é o seu verdadeiro obxectivo. Cando nos desprazaron os militares e paramilitares da Brigada XVII, dicíase que nos desprazaban para sacar a guerrilla. Cando volvemos démonos conta que non é así, que os que están alá son as empresas de madeira do Darién, cortando as árbores, acompañadas dos paramilitares. Os intereses van máis alá, é algo estratéxico, xeopolítico. Nós quedamos en medio dos dous mares, somos Centroamérica e para o Tratado de Libre Comercio é a zona máis espectacular.

A: Entón os paramilitares non están desmobilizados como anuncia a campaña política do presidente Santos?

TR: Iso é o que di o Estado, de feito para moitas organizacións é un gran avance que o actual presidente recoñecese que hai un conflito en Colombia. Nós cremos que é unha estratexia do Estado para continuar. Estes grupos xa non se recoñecen como grupos paramilitares nin como Autodefensas nin como Águilas Negras..., senón que se denominan *Band crime*, para que calquera cousa que ocorra, como se supón que xa houbo unha desmobilización, xa se pode dicir que os paramilitares

non existen. Nós entendemos que existen, porque aínda seguen operando neses lugares, quizais sen o uniforme, mais son as mesmas persoas. Incluso nalgún operativo eles mesmos dixerón que son paramilitares.

A: Cales son as vosas alternativas ante esta situación?

TR: Visibilizar ao máximo o que está pasando por medio de redes humanas, que son as persoas que están pendentes de nós difundindo a información e cuestionándolle ao presidente sobre o que está a pasar na conca do río Atrato. Tamén están os mecanismos de *alerta temperá*, que é manter a comunicación constante para calquera cousa (neste momento non temos comunicación). Poder ter un xerador de máis potencia (o que tiñamos danouse) que nos axude a dar luz a todo o pobo de noite, sobre todo as entradas principais, os puntos máis estratéxicos. As bandeiras de organizacións e doutros países tamén nos axudan a visibilizar que non estamos sós. O Estado respecta moito o acompañamento internacional, porque internacionalmente se demostrou que está defendendo os dereitos do pobo e das comunidades de Colombia. Por iso, ante unha figura internacional non lle serve demostrar que está facendo o contrario, sería darnos a razón a nós, que de feito xa a temos. ■

Non te
esquezas



de
quererte

Acaso nós non somos mulleres?!

HADRIANA ORDÓÑEZ OTERO*

Estamos en verán. Neste tempo é costume ir coas pernas ó sol. Aínda que hoxe, como está nubrado, levo un xersei moi finiño de cor verde que me protexe desta friaxe mariña e unha saia destas modernas por enriba xusto xusto dos meus xeonllos, a iso das dez da noite fronte á ría. Creo que me debería vestir deste xeito máis a miúdo. Véxome moi fermosa, a roupa favorece as miñas curvas de muller. Por momentos sín-

tome máis sexy; é inevitable. Pregúntome se a xente pensará o mesmo...

Independentemente da resposta, creo que seguirei combinando pezas deste estilo; estou segura de que si. Ata me cambia a cara, xúrovos que así estou moito máis alegre polas mañás, como con máis confianza. Antes non o vía desta maneira. A miña nai díciame que para que perdía o tempo en acicalarme se ninguén ía fixarse en min. E

claro, daquela pensaba que igual tiña a súa parte de razón. O tempo pasou, e agora véxoo dunha forma distinta...

Mamá, eu son a que me fixo en min tódolos días. Despois se a xente opina que me queda ben esta saia, perfecto e senón, pois tamén. Pero se ocorre que un día, unha

* Psicóloga de ACADAR.



No que se refire ás mulleres con discapacidade, tampouco teñen ó seu dispor a mesma igualdade de oportunidades que os homes con discapacidade [...]

A misión da asociación é promover, coordinar e reivindicar a plena integración e participación das mulleres do colectivo en tódolos ámbitos da sociedade

moza me mira con picardía... xa... fixo que me quedo sen saliva na boca!...

Iría boa se tivese que pensar cada día no que pensasen os demais ante cada cousa que fixese ou dixese. Creo que iso non vai comigo. Sería unha copia de outras moitas mulleres. As mulleres somos únicas e irrepitibles. Como sostivo nos seus tempos o filósofo Kant, «a simetría é demasiado aburrida e afastada da vida real».

Podo equivocarme, porque o conxunto da poboación ten esa característica común: cometer erros. Erros coma o que sería non tomar as rendas dunha carruaxe (en forma de decisións) tirada por cabalos (en forma de ferramentas tanto nosas como alleas) cara a un destino (a nosa propia vida).

As metáforas serven para comparar situacións distintas que teñen elementos en común. Para nós, este pequeno texto introdutorio, permítenos reflectir o cambio que precisan as mulleres con discapacidade. Próximo destino da carruaxe: o empoderamento. E así, poder debuxar con liñas ben grosas, seguras, a súa vida; e decidir. Permítenos expoñer ata que punto a opinión familiar e social poden influír na propia perspectiva (á hora de como vestirme, como relacionarme cos demais, estudar ou non, traballar si ou non e onde, ter unha moza ou mozo, independizarme...). Pois as persoas somos diversas, e como tales deberíamos de ser visibilizadas.

Historicamente, as mulleres viviron (e viven ata que a experiencia diga o contrario) unha situación de desigualdade en comparación co sexo masculino. Segundo o teu sexo serás criado/a ó redor do que se denomina a socialización diferencial, produto do modelo social imperante a día de hoxe, o patriarcado. Isto é, se es home serás forte, protector, líder, ocuparás postos de poder e decisión, terás traballo, unha sexualidade plena, non te ocuparás das tarefas domésticas, non levarás o peso do coidado dos teus fillos/as... Mais, se es muller, a historia será ben distinta: serás doce, capitana da túa casa, amable, cauta, coidadora, sexy, esvelta, nai dos teus fillos, sen protagonismo nun

espazo público... Todas estas características son as que conforman o xénero feminino e masculino, é dicir, o constructo social que se crea ó noso redor en función do noso sexo. O xénero é modificable, mentres que o sexo (en principio) non o é. Isto significa que está na nosa man mudar as características que se esperan de nós e convertelas en liberdade de decisión. Que sexa tan lícito unha muller atrevida coma un home recuado. Que cada persoa se comporte dun xeito acorde co que en realidade desexa, non co que se espera dela.

No que se refire ás mulleres con discapacidade, tampouco teñen ó seu dispor a mesma igualdade de oportunidades que os homes con discapacidade e o resto da poboación xeral. Pois, ademais da influencia dun conxunto de factores que facilitan a desigualdade por razóns de xénero, a característica da discapacidade provoca un factor máis de discriminación. O conxunto destes elementos, provoca unha invisibilización sobre as verdadeiras capacidades.

Así é, que a día de hoxe en múltiples contextos (laboral, persoal, familiar, social, sexual, afectivo...) non se fai fincapé nas potencialidades dunha persoa, senón que a falta de información e formación, os prexuízos, os medos, a ausencia de sensibilidade, o descoñecemento de modelos de aprendizaxe semellantes fan probable que a opinión pública quede cunha información errónea e irrelevante, e que perdone unha historia equivocada. *Esta é a realidade que existe, que temos que coñecer e acto seguido facer o posible por mudar.*

Nesta liña de procura de ferramentas para dar con cambios sociais, un conxunto de mulleres concienciadas coas necesidades das mulleres con discapacidade imperantes na sociedade crearon en setembro de 2009 a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, pioneira como tal e única até o de agora a nivel galego. Nace así ACADAR.

A misión da asociación é promover, coordinar e reivindicar a plena integra-

ción e participación das mulleres do colectivo en tódolos ámbitos da sociedade. Para dar con estes obxectivos, traballan sobre as seguintes áreas de intervención: educación, formación, emprego, violencia de xénero, saúde, maternidade, sexualidade, vida independente, imaxe social e dos medios de comunicación, participación social e liderado, ofrecéndolle deste xeito ás mulleres con discapacidade as ferramentas precisas para empoderarse; para visibilizar e potenciar as súas capacidades.

Dentro da área de violencia de xénero, ACADAR puxo en marcha co apoio do Fondo Social Europeo, o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade (grazas ós fondos recadados do 0,7% das rendas), Xunta de Galicia, Fundación ONCE e COCEMFE (Confederación Española de Persoas con Discapacidade), **Descubre a nosa realidade!**, programa sobre a violencia contra as mulleres con discapacidade.

Neste sentido, tal e como sostén e reflicte o título da campaña, a finalidade é visibilizar a realidade das mulleres con discapacidade. Así, os obxectivos que procuramos son sensibilizar, concienciar e previr a violencia contra as mulleres con discapacidade. Véxase que non falamos (só) de violencia de xénero (cando esta é recibida pola parella afectivo-sexual), senón tamén de violencia de persoas do seu entorno (sanitario, familiar...), violencia sexual¹ polos seus compañeiros/coidadores persoal sanitario, esterilización obrigada, institucionalización...

As metas que se recollen nestas liñas estanse levando a cabo a través de cursos de formación (en discapacidade, accesibilidade, xénero, igualdade, sexualidade, violencia de xénero, caracterización da muller con discapacidade no eido da violencia...) dirixidos ó persoal da Administración pública, ó movemento asociativo da discapacidade e a familias. Por outra banda, estableceronse grupos de apoio psico-social onde as beneficiarias son as propias mulleres con discapacidade. Os eixes

enumerados teñen un sentido lóxico, dado que debemos chegar ós axentes sociais que dependen, definen e mesmo obstaculizan dita realidade, facilitando así unha maior calidade na atención integral prestada diariamente ás nosas protagonistas.

Con este programa pretendemos mudar a perspectiva actual sobre a vida cotiá das mulleres con discapacidade, para así dar pé á reflexión dos nosos pensamentos e quefaceres diarios ó redor da discapacidade. Deste xeito, como sostivo nos seus tempos A.D.R. Castelao, *transformaremos os desexos en realidades e as ideas en feitos*, pois se as ideas quedan só no noso pensamento, endexamais acadaremos unha realidade distinta.

As mulleres con discapacidade deixarán de verse como marionetas vestidiñas con trapiños rotos, raíñas dun castelo chamado espazo doméstico en mans de homes e mulleres que deciden sobre as súas inquiredanzas, sobre os seus desexos, ladróns do tempo; para verse como donas exclusivas da súa vida, capaces de marcar e acadar un proxecto de vida único e irrepetible. ■

ACADAR
(Asociación de Mulleres con
Discapacidade de Galicia)
www.acadar.org | info@acadar.org
Teléfono: 674073092



Neste sentido, tal e como sostén e reflicte o título da campaña, a finalidade é **visibilizar a realidade das mulleres con discapacidade**. Así, os obxectivos que procuramos son sensibilizar, concienciar e previr a violencia contra as mulleres con discapacidade

As mulleres con discapacidade deixarán de verse como marionetas vestidiñas con trapiños rotos, raíñas dun castelo chamado espazo doméstico en mans de homes e mulleres que deciden sobre as súas inquiredanzas, sobre os seus desexos [...]

¹ Segundo o informe elaborado polo Parlamento Europeo sobre a situación das mulleres dos grupos minoritarios na Unión Europea no 2004, case o 80% das mulleres con discapacidade é vítima de violencia e ten un risco catro veces maior que o resto das mulleres a sufrir violencia sexual.

Magdalenas

gritos estéticos
para a revolución

MANUELA ACEREDA
E AIDA I. DE PRADA

«E por que sigo facendo cousas que eu creo que non debería facer máis? Por que sigo repetindo comportamentos que non quero máis? É a cuestión. Porque tamén eu son unha que alimenta a relación de opresión. Que teño que facer para o cambio?», reflexiona Bárbara Santos, practicante e *curinga*¹ do Teatro do Oprimido (TO), que, xunto con Alessandra Vanucci e o apoio do Centro de Teatro do Oprimido de Río de Janeiro, creou no 2005 o Laboratorio Magdalenas, Teatro das Oprimidas.

Este laboratorio é un encontro exclusivo para mulleres, no que se utilizan as técnicas do TO para visualizar as opresións ás que se enfrontan de ma-



¹ *Curinga*: responsable da orientación técnica, de facilitar o proceso e de enfocar a temática e estimular a participación durante o foro.

neira cotiá e poder crear alternativas efectivas que permitan superar esas opresións. «Levabamos moito tempo traballando temas como a opresión contra a muller... por que aparece tanto, en tantos lugares distintos, con tantas mulleres diferentes, que pasa con nosoutras? Non estou falando só das outras mulleres, o meu interese en facelo é un interese persoal. Porque tamén nosoutras nos viamos como mulleres independentes, mulleres que están autónomas... e viámonos ás veces en situacións que dicíamos “que merda eh! e estamos acá outra vez”» –explica Bárbara–.

Este laboratorio fíxose en diferentes lugares do mundo: Brasil, Guine-Bissau, Mozambique, Portugal, India, Arxentina. O pasado mes de setembro realizouse en Barcelona, en La Farinera del Clot e en Badalona no espazo de Dones en Moviment. Durante tres días, mulleres de diferentes idades, contornos sociais e procedencias reflexionaron xuntas sobre as opresións que viven como mulleres. Trinta corpos inmersos nunha investigación estética, trinta miradas enfocando a Eva, encontrando resonancias e diferenzas, aprendendo en equipo, e, por que non? renovando a poética da acción política.

Este laboratorio é un encontro exclusivo para mulleres, no que se utilizan as técnicas do TO para visualizar as opresións ás que se enfrontan de maneira cotiá e poder crear alternativas efectivas que permitan superar esas opresións



«Será que unha muller pode identificarse noutra? Será que eu podo verme en ti e ti podes verte en min? Onde vai esa cousa de ser muller?, que é iso?, que pasa?, que temos en común?, que nos fai o mesmo grupo?». Cuestionábase Bárbara, que se presenta como muller, negra, latinoamericana, nai, socióloga, actriz e *curinga*. Como ela, o resto de participantes engaden unha chea de diferenzas a «muller», evidenciando así que esta non pode considerarse como unha categoría monolítica. Aínda así, o obxectivo deste laboratorio é encontrar os puntos en común. «Vivimos unha cousa que é o patriarcado, entón podemos entender cousas básicas que son o mesmo, hai unha idea de inferioridade para as mulleres, pero se a muller é negra, un pouco máis, se a muller é pobre, máis, se a muller é africana... hai variacións..., pero entre homes e mulleres non existe iso aínda. As mulleres están abaixo. E eu creo que é iso, a busca de entender ese algo en común», explícanos Bárbara ao mesmo tempo que fala de buscar unha esencia común, «na esencia eu creo que hai moito en común coa indiana do campo ou a austríaca..., aínda hai esa cousa en común que nos aproxima». Incide na necesidade de reflexionar criticamente sobre como se foi construíndo a categoría muller, «un encontro tamén para investigar as ideas ancestrais que quedan en nosoutras, é un proceso de entender o contorno social que nos pon nese papel de muller». A súa postura podería entenderse como un esencialismo estratéxico para crear alianzas desde a resonancia e a pesar das diferenzas, para aplacar certas posturas europeas coas que, malia á boa intención, nos auto-posicionamos nun lugar privilexiado de liberdade, desde onde miramos con condescendencia aquelas que visualizamos en plena carreira de obstáculos. Como conta Bárbara, coa anécdota dun taller, non se trata de berrar desde a grada, senón de baixar á pista e en equipo superar, sobrevoar ou destruír os obstáculos comúns: «Unha muller en Austria dicíame “non, pero é que aquí,

en Austria, non vivimos a mesma opresión que viven vostedes en Latinoamérica ou en África ou na India... E foi moi curioso, porque esta muller cando se presentou dixo “eu son apenas nai” e despois di que aquí non ten a opresión de alá».

Tal e como estaba formulado o laboratorio, a reflexión veu dada a través de procesos estéticos. Da *xénese* ao corpo, do corpo á poesía, da poesía á música e ao lenzo. Que ten de particular traballar con linguaxes artísticas? Ao pasar a historia polo corpo, ao pensar con e desde o corpo sobre as normas en forma de accións que nos ensinaron, evidéncianse cuestións que coa palabra non agroman. Hai unha memoria encarnada, ás veces inconsciente, que aparece en forma sensible, xa sexa a través da escrita, dunha acción teatralizada ou dun berro estético. En palabras de Bárbara «A estética en realidade é como unha persoa entende a realidade polos seus sentidos, non é que eu vaia facer todo falando, é o medio de


entrar en contacto sensible». Ao traballar co non dito –pero si actuado– a estética permítenos estrañarnos de nosoutras mesmas, ao mesmo tempo que facilita a canle de comunicación coas *espectadoras*.²

A estética que formula o TO é unha estética plural, que busca renovar as formas de pensamento sensible intentando saír das formas dadas polos mercados, baixo a premisa de *todas somos artistas*. Como explica Bárbara, «é unha investigación que facemos como unha resposta á forma que ten o capitalismo de falar da estética. Cando ti dis a estética, ti dis que existe unha. Pero non podes facer unha se somos tan distintos, se somos de clases sociais distintas, se falamos linguas distintas, se temos experiencias educacionais distintas».

² *Espectadora*: En TO utilízase esta palabra xa que as persoas do público non só son espectadoras, senón que interveñen como protagonistas da acción dramática.

Tal e como estaba formulado o laboratorio, a reflexión veu dada a través de procesos estéticos. Da *xénese* ao corpo, do corpo á poesía, da poesía á música e ao lenzo

Bárbara Santos no Encontro Nacional de Curingas, Brasil, 2009



O perigo ou, mellor dito, a trampa que pode levar consigo este risco de anovar poéticas, é que estamos inmersas nun mundo dividido no que se chama alta cultura e baixa cultura, esa división dualista que, como tantas outras, crea unha xerarquía perversa de quen pode e quen non, que é bo e que non o é tanto. Como explica Bárbara, a percepción estética está ligada á nosa vida social, política e educacional: «Unha obra de arte que aquí en Europa podería ser moi recoñecida por uns, por outros podería non selo, porque para entender iso ti tes que ter un pouco de experiencia de acá, os medios para percibilo. E se ti vas a outro lugar lonxe de aquí e ves como baila a xente, a ti pareceríache raro, ti non podes entender todo porque ti non tes a historia de alí». Esta é a razón de que se estea a loitar contra os prexuízos que conleva a sona creada do que é arte e o que non o é. A arte é quen fala da vida, das experiencias en forma poética, e poéticas hai tantas como persoas.

Alessandra Vanucci



Durante o Laboratorio Magdalenas, Bárbara Santos, como mestra de cerimonias, manexou a situación sen facerse notar, dando pé a que a creatividade de cada unha e a súa experiencia crítica non quedasen estancadas nun *facer terapia*. Cada unha temos historias, historias de merda, que che fan poñer os pelos de punta, pero o TO non está aí para curarnos, senón para transformar esa realidade que permite un denominador común entre as opresións das mulleres. Porque non somos iguais, nin tan sequera parecidas, pero metéron-nos nese mesmo caixón de *é unha nena*. Tal e como rezaba unha das cancións creadas neste encontro e que cantáramos semanas despois: «estou cansada e esgotada de estar encadrada. O meu corpiño ten nome de muller».

Poderíase resumir o que ocorreu alí como unha encarnación da historia contextualizada do devir muller. Un mergullo polo imaxinario do estereotipo da feminidade, polo peso que ten a cultura sobre os corpos, sobre os comportamentos e crenzas que limitan a imaxinación do que unha pode chegar a ser. Un espazo para saír do cotián, onde transitar do particular ao colectivo. Un proceso de concienciación política sobre *esas cousas que nos pasan*, que nos pasan non por ser débiles, *cursis* ou insubmisas, senón porque forman parte da engrenaxe de normas que se dan en forma de cultura e de ciencia e que por tanto non son asuntos persoais, senón políticos. Estes espazos de reflexión estética sobre as nosas experiencias, sobre a política de control que se exerce sobre as mulleres, son lugares onde probar colectivamente alternativas para romper coa opresión, porque, como dixo Boal, o TO é un ensaio para a revolución. Un encontro para crear procesos de transformación grupais e redes de apoio internacionais, que se definirán no próximo encontro Magdalenas que terá lugar en Berlín, en setembro do 2012.

Repetindo unha das rimas que se crearon no taller «gustárame ter *polla* e non se me vai a *olla*», e coincidindo



Bárbara Santos

En palabras de Bárbara
«A estética en realidade é como unha persoa entende a realidade polos seus sentidos, non é que eu vaia facer todo falando, é o medio de entrar en contacto sensible»

coa folga de xénero global convocada para este mes de outubro, sumámonos ao afirmar que non somos mulleres e tampouco homes. Que por moito que se empeñen en socializarnos como tales, temos tetas e bigote, chorreamos sangue e exaculamos, temos parafusos na boca e nos nocellos, láser e agullas que nos atravesan. Estando á moda diríamos que somos *ciborgs*, pero é máis claro declararse como un monstro, un frankenstein de carne, ferros, pos de vaca e tinta, criatura de ficción creada no fogar, na Academia, nos laboratorios, nos museos, nos quirófanos... ■

Para máis información sobre o laboratorio Magdalenas: <http://kuringa-barbarasantos.blogspot.com>

KÄTHER KOLLWITZ

Antígona xermana ante o espello



Autorretrato, 1924

RENATA OTERO

Sempre me fascinou a obra dos/as artistas que mostraban, dun xeito explícito e honesto algo de si mesmos/as. Cando eu tiña 21 anos, un día, folleando un libro nunha feira de ocasión, atopei un dos autorretratos en branco e negro de Käthe Kollwitz. Era unha imaxe sinxela que me impactou. Nela a autora debuxárase nun plano medio, cunha roupa basta, de loito, que tapaba todas as formas, cun moño cano, caído, funcional e desfavorecedor; coa cara

lavada e cuberta de engurras, sen chisco ningún de vaidade no xesto e que expoñía unha tristura desoladora mentres miraba ao público de fronte. Inmediatamente lembreime da miñas bisavoa.

Sen saber nada desta muller, aquela imaxe xa me contara moito. As bisavoa que eu coñecín de nena, como Kollwitz, compartían con milleiros de mulleres a dura experiencia de ter que sobrevivir aos propios fillos nas dúas grandes guerras do século XX e sopor-

taron o resto da vida cunha aflición devastadora ao lombo. Merquei o libro e mirei o autorretrato daquela anciá durante horas. E quixen saber máis, así que me puxen a ler.

A nosa protagonista naceu o 8 de xullo de 1867 en Königsberg, na antiga Prusia. O seu pai, Karl Schmidt, era un masón socialista e súa nai unha muller devota, filla dun pastor luterano. Así, a pequena Käthe medrou nunha familia de clase media, nunha casa onde se va-

loraba a cultura e unha fe baseada na compaixón polos máis desfavorecidos. Sendo cativa perdeu os irmáns e iso deixoulle profundas crises de ansiedade.

Como á nena lle gustaba debuxar e demostraba calidades, seu pai, levouna a que aprendese desde os 14 anos estampación e pintura con dous artistas locais.

Aos 18 anos a rapaza foi estudar a Berlín na *Künstlerinneschule* (escola de arte feminina), onde coñece a obra de Max Klinger, un gravador moi dado aos, dramatismo nas súas composicións e que marcaría estilisticamente o traballo posterior da moza.

Nos dous anos seguintes formaríase na *Künstlerinneschule* de Munich e relacionaríase con artistas como Greiner, Max Fiedler e Kögel. Neste período ademais entraría en contacto coa literatura de Émile Zola, Máximo Gorki e Gerhart Hauptman, que serían unha profunda fonte de inspiración para o seu traballo. Cando remata as clases, volve á súa cidade natal, consegue un estudo e compaxina a produción pictórica ao mesmo tempo que fai a súa primeira obra gráfica. Nestes tempos o debuxo de Kollwitz é naturalista, con composicións repletas de personaxes en acción, moi na liña do realismo social doutros coetáneos.

Casa ós 24 anos co doutor Karl Kollwitz e múdanse a Berlín. Instalan o seu domicilio e a súa consulta na Weussenurger Strasse, un dos barrios máis pobres da cidade. Alí o seu home exerce tanto de médico (moitas veces de balde) como de activo militante socialista. Käthe acompaña con frecuencia a Karl e debuxa os pacientes. Esta implicación tan persoal cos grupos máis desfavorecidos repercute dun xeito capital na obra de Käthe Kollwitz, pois ser testemuña das miserables condicións da vida e da morte da masa obreira reafirmaa na convicción de que unha maior xustiza social é necesaria e converte a denuncia no motivo central da súa carreira.

No 1892 nace o seu fillo Hans, e Käthe Kollwitz abandona progresiva-

mente a pintura para centrarse no debuxo e no gravado. Sente que o branco e negro é a inmediatez desta disciplina, cunha maior dose de forza e expresividade. Ademais sabe que é máis accesible economicamente para o público, e por iso a súa distribución máis democrática.

Ao ano seguinte, unha noite, os Kollwitz teñen ocasión de acudir á representación teatral de *Os tecedores* de Gerhart Hauptmann. Ela queda tan impresionada pola función que decide facer unha serie de gravados sobre o texto. Titularaa *A rebelión dos tecedores* (1893-1897). Trátase de seis potentes augafortes que chegan a ter unha ampla difusión e consagran a Kollwitz como unha gravadora de renome en Alemaña.

No 1896 nace o seu segundo fillo, Peter. Dous anos máis tarde a artista incorpórase á *Sezession* de Berlín e comeza a impartir clases de debuxo na

Käthe acompaña con frecuencia a Karl e debuxa os pacientes. Esta implicación tan persoal cos grupos máis desfavorecidos repercute dun xeito capital na obra de Käthe Kollwitz, pois ser testemuña das miserables condicións da vida e da morte da masa obreira reafirmaa na convicción de que unha maior xustiza social é necesaria e converte a denuncia no motivo central da súa carreira



Pobreza (augaforte e punta seca, 1893-94)

Por estes tempos ilustra ademais unha morea de carteis antibelicistas e contrarios ao avance do nacionalsocialismo. Ademais firma xunto con Albert Einstein, Franz Oppenheimer e moreas de intelectuais máis o *Dringenden Apell*, un manifesto que intentaba previr ao pobo alemán do risco de darlles aos nazis o poder nas urnas

Cartel *Nunca mais á guerra!*, 1924



Künstlerinnenschule, institución na que permanecería ata 1902.

Entre 1901 e 1908 realiza unhas viaxes que dalgún xeito deixarían pregnancia nas súas creacións. Dúas delas especialmente: a Florencia e a París. En Florencia, grazas a unha bolsa, remata a súa colección de augafortes *A guerra dos campesiños* (1902-08). En París coñece a Auguste Rodin e comeza a esculpir.

Co estalido da primeira guerra mundial, o 23 de outubro de 1914, poucos días despois de comezar a guerra, o seu fillo menor Peter morre en combate en Flandres. A serie de augafortes *Muller con neno morto*, onde Peter posara cando meniño como defunto, convertérase nunha trágica premonición. A artista nunca superaría a perda. E a figura da *nai*, o *fillo* e a *morte* quedarían como elementos recorrentes no resto dos traballos de Kollwitz. Sacando forzas da súa dor, Kollwitz dedica o tempo de entreguerras a manifestarse pública e reiteradamente en contra do conflito armado e, ao mesmo tempo, entra nun intenso período creativo.

En 1918 e a pesar de ser un personaxe controvertido, convértese na primeira muller membro da Academia Prusiana das Artes e alí ensinaría debuxo durante moitos anos.

Entre 1920 e 1925 realiza a serie *Sete gravados en madeira sobre a guerra* e ao ano seguinte publica a serie *O proletariado*. Nelas a crítica social recrúese para mostrar as penosas vidas dos cidadáns durante a guerra e as inxustizas sociais. Para poder espallalas mellor, a artista embrutece o seu trazo, abandona os detalles e cárgase de dureza no emprego do claro/escuro.

En 1932 realiza a súa primeira gran escultura: *Monumento aos mortos* (sito no campo santo de Essen, Bélxica). A peza é a súa particular homenaxe a Peter. Contra a convención de representar ao soldado morto, Kollwitz manifesta a traxedia a través da representación dos proxenitores desolados pola súa ausencia.

Por estes tempos ilustra ademais unha morea de carteis antibelicistas e contrarios ao avance do nacionalsocialismo. Ademais firma xunto con Albert Einstein, Franz Oppenheimer e moreas de intelectuais máis o *Dringenden Apell*, un manifesto que intentaba previr ao pobo alemán do risco de darlles aos nazis o poder nas urnas.

Cando Hitler gaña, Kollwitz convértese nunha cidadá non grata e perde a súa praza como profesora en 1933. A súa obra é cualificada de *arte dexenerado* e expulsada dos museos. Prohíbese calquera exhibición do seu traballo. Paradoxos da vida, ao mesmo tempo unha das súas imaxes da serie *Nai e fillo morto* é empregada nas campañas nazis de propaganda e sen permiso da autora.

En 1936 a Gestapo detén a Käthe e ao seu home e dinlles que os van enviar a un campo de concentración. Vellos e asustados, o matrimonio decide suicidarse, pero finalmente, debido á celebridade de Käthe como artista, permíteselles abandonar Berlín.

Acó comeza un período funesto para os Kollwitz. Ademais de ter que aturar o continuo acoso por parte dos nazis, a súa casa/estudio de Berlín é totalmente destruída polas bombas aliadas. Como consecuencia Käthe perde todo: case a totalidade da súa obra, documentos, ferramentas de traballo, lembranzas...

Moi baixa de moral realiza a súa última gran serie, *Morte* (1943), composta por oito litografías onde a figura borra por momentos os seus límites. Pouco despois de rematar este traballo queda viúva e matan ao seu neto nas trincheiras.

Pasa os seus últimos anos en Dresde, como hóspede do príncipe Ernesto Enrique de Saxonia no castelo de Moritzburg e morre o 22 de abril de 1945, poucos días antes de que Hitler se suicidase e remate a segunda guerra mundial.

Käthe Kollwitz fora adquirindo cos anos unha destreza no trazo do debuxo que lle permitía figuras máis sinxelas, coas liñas abertas, e unha depurada técnica como gravadora. Ademais rexeitaba as vangardas por parecerlle demasiado snobs e prefería facer unha figuración moi ilustrativa e unha estampación moi pulcra para que as súas mensaxes chegasen ao maior número de público posible. A súa obra tivo unha ampla difusión e foi unha artista moi valorada en vida.

Kollwitz facía unha arte absolutamente comprometida e por iso nos seus traballos os protagonistas eran as vítimas, nunca os perpetradores. Buscaba que as súas escenas fosen o máis universais posibles e por iso evitaba especificar o tempo ou o lugar nos seus traballos e representaba mulleres con máis frecuencia que varóns.

Pero a gran valía desta creadora foi a súa habilidade para captar graficamente a tristura, a desesperación e o medo propios como moi poucos nos seus máis de 50 autorretratos.

Antígona é o mito grego que exemplifica nunha traxedia clásica pacifista a dor individual das vítimas da guerra. Pero especialmente representa ás mulleres superviventes que sofren a perda de seres queridos por un conflito bélico dirixido e ordenado por homes, contra a vontade de nais, fillas e irmás. Por iso Kollwitz é unha Antígona moderna, que plasticamente foi quen de denunciar publicamente as inxustizas sociais e a futilidade das dúas guerras mundiais que estragaron a vida de milleiros de europeos.

Para rematar, salienta que nos seus últimos días Kollwitz pediu que non se vendese a súa obra, para que servise de ensinanza a futuras xeracións. Cumprindo a súa vontade, o día que se facían 40 anos da morte da gravadora, a súa neta inaugurou o Museo Käthe Kollwitz en Colonia. Na actualidade hai outro en Berlín e Kollwitz é unha artista optimamente valorada e de renome internacional. Lembremos por exemplo que o seu cartel *Nunca máis guerra!* (1924) forma parte do imaxinario público alemán como estandarte do movemento pacifista e antinuclear. ■



A morte alcanzando a un neno, 1934

[...] nos seus últimos días Kollwitz pediu que non se vendese a súa obra, para que servise de ensinanza a futuras xeracións. Cumprindo a súa vontade, o día que se facían 40 anos da morte da gravadora, a súa neta inaugurou o Museo Käthe Kollwitz en Colonia. Na actualidade hai outro en Berlín [...]





MUFEST

unha viaxe que continúa






I.V.E.

Xa estamos de volta como cada ano, intentando darlle continuidade a este proxecto que é o MUFEST, un festival de cine feito por mulleres que desde o ano 2009 pretende amosar obras feitas por cineastas mulleres de todo o mundo na cidade de Santiago. Pese a estarmos a piques de celebrar a terceira edición e considerando que a cousa debería por lóxica fluír, parece que as dificultades aumentan. *Malos tempos para a lírica*, que dirían os de Vigo; e parafraseando, malos tempos para o cine ou para as artes en xeral. Non podemos

illarnos do contexto que nos toca, e pese a que a BMW prevé que no 2012 as vendas de autos medrarán novamente, aquí non temos tan claro que toque algo do pastel. Non imos utilizar este medio para animarvos a colaborar no noso proxecto (as portas están abertas), xa que o que pretendo é falarvos das motivacións, aspiracións e metervos a inqueda no estómago; despois pasarei o sombreiro...

Durante o 2009 atopabámonos artellando unha serie de actividades culturais feministas e pensamos na posibili-

dade de realizar un ciclo de cine feito por mulleres. É unha paixón compartida esta do cine e contemplamos como a participación feminina se reduce a un 8% de filmes dirixidos por mulleres segundo as estatísticas que manexa a CIMA, Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (tedes mais información en www.cimamujerescineastas.es). Un 8% é unha porcentaxe irrisoria que aumenta a un 20% cando falamos de guións e produción participada por mulleres. De todos os xeitos, as cifras ilustran claramente a



Pero a intención do MUFEFEST non fica simplemente na proxección de películas e entrega de premios, tamén queremos dar cabida á reflexión

falta dunha paridade na presenza das mulleres no cine naquelas áreas máis creativas. Tendo en conta estes datos, podemos concluír ou ben que as mulleres non sabemos facer cine ou ben que non somos creativas. Pero contamos na historia do cine con figuras como Ana María Mariscal ou Pilar Miró. Temos a Iciar Bollaín e Isabel Coixet. Tamén, Laura Puenzo e Almudena Carracedo. Así é que a hipótese ten que variar e onde consideramos a falta de creatividade ou coñecementos ou ambos colocamos a falta de oportunidades: as produtoras non apostan polas mulleres cineastas, tampouco quen se encarga da programación nos festivais nin as distribuidoras, non empatizan coas directoras. Tal vez tamén é unha cuestión histórica e fáltanos valor para emprender e falta a aprendizaxe histórica necesaria para sentírmolos capaces. E así vivimos a historia que contan por nós. Esta visibilización tan necesaria foi unha das motivacións máis fortes para iniciar este proxecto.

Tiramos entón de axenda, dos contactos do Facebook e Twitter, dos correos electrónicos de amigas, amigos, primos, coñecidos e descoñecidos e organizamos en menos de tres meses o

primeiro MUFEFEST, *Festival de cine feito por mulleres*. Tivemos a sorte de contar con persoas asombrosas ao noso redor que se involucraron e axudaron e estaban aí cando xa non se aguantaba a dor de cabeza e o tempo apremaba. Grazas a estas persoas tivemos a sorte de organizar grupos de visionado para a preselección das obras. Horas e horas de vídeo..., parece divertido, mais se non se conta co tempo necesario e se ten a responsabilidade de considerar se unha cinta cumpre ou non coas directrices marcadas nunhas bases, a situación tórñase algo complexa.

A principal preocupación durante a primeira edición era a falta de participación. Temíamos non contar coas suficientes cintas, coa calidade técnica e creativa mínima para consideralas válidas. E a sorpresa foi a tremenda participación, tendo en conta o rudimentario dos medios publicitarios utilizados. Foi emocionante recibir case un cento de obras dunha calidade técnica e temática moi superior a aquilo que esperabamos nun principio. E por suposto esta foi unha das razóns máis importantes que nos levan a estar aquí hoxe, con esta proposta entre as mans a que queremos darlle continuidade. Este é o significado do MUFEFEST, o que constitúe a súa esencia.

Os filmes premiados durante esa primeira edición foron: no terceiro posto a curtametraxe *5 Recuerdos* de Oriana Alcaine e Alejandra Márquez, un bonito paseo polos recordos de Irma, que nos leva ao máis profundo da súa memoria. Esta obra tecnicamente é impecable. No segundo posto contamos co

documental experimental *Bata por fóra, muller por dentro* de Claudia Brenlla, quen se achega ao uso da bata polas mulleres galegas presentando o simbolismo e identidade que esta prenda ten para nós. O primeiro premio foi para a curta *Bloqueo* de Margherita Morello; unha crítica a burocracia ambientada nunha gran cidade.

Durante a segunda edición as películas premiadas foron: *Guerriller@s* de Montse Pujantell, co terceiro premio, un documental que reflexiona sobre a identidade de xénero. Co segundo, *Gato encerrado* de Peque Varela, animación que presenta creativamente as dificultades e a burocracia á que se enfrontan as persoas migrantes á hora de formalizar a súa situación. E no primeiro posto, *Private Life* de Abbe Robinson, unha ficción ambientada nos anos cincuenta en Inglaterra que narra as peripecias dunha lesbiana que se traviste intercambiando a roupa cun amigo gai.

Pero a intención do MUFEFEST non fica simplemente na proxección de películas e entrega de premios, tamén queremos dar cabida á reflexión. É por iso que en todas as edicións se organizan mesas redondas ou visionados con sesións de películas consideradas críticas e novidosas desde unha perspectiva creativa e de contido sensiblemente feminista, *queer* ou canto menos diferente. Encántanos falar, argumentar, polemizar, considerar novas perspectivas e contar outras historias. É por iso que no programa da primeira edición do MUFEFEST incluimos a proxección das obras de Margarita Ledo *Cienfuegos*, *1913*, *Para Lister* e *Illa*. A presenza da



directora permitiunos entender estas tres obras desde unha nova perspectiva. *Made in LA* da madrileña Almudena Carracedo proxectouse tamén na tarde de apertura do festival: un documental que mostra a vida das mulleres mexicanas que traballan na industria do téxtil na cidade dos Ánxeles en California. A autora consegue un nivel de proximidade e intimidade coas entrevistadas profundo e a súa implicación nas historias é o que lle permite realizar un retrato da situación tan conmovedor e duro. Contamos tamén coas obras *Plan Rosebud 2* de María Ruído, GZ Videos e *Asuntos Internos* de Uqui Permuy e Xoán Anleo, que cunha edición alterna simbolicamente representa os estereotipos do feminino-masculino no mundo laboral. Presentouse tamén a obra de Susana Rey *Cousas do Kulechov*, un falso documental cunha montaxe enxeñosa. Contamos coa presenza da directora e grazas a ela puidemos saber máis das súas aventuras e desventuras como directora novel. Puidemos ver a obra de Peque Varela, *1977*, obra de animación cunha técnica impecable e unha historia sobre a identidade presentada do xeito máis creativo. Esta obra foi seleccionada no festival de Sundance.

O debate pretendeu ser un achegamento as dificultades de visibilización que atopan as cineastas e calquera muller dedicada ao mundo audiovisual. Para isto contamos coa presenza de Anna Amorós, profesora titular de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo, tamén estaba Carmen Rábade, produtora e directora da Escola de Producción Audiovisual O raio

verde, e Marta Piñeiro, directora e realizadora de series de televisión. O debate permitiu coñecer as diferentes ideas desde unha perspectiva educativa e profesional.

Durante a segunda edición abriu o festival a obra de Cora Peña *Apash, os de fóra*. A súa presenza foi fundamental iniciando un debate moi positivo co público e compartindo as súas experiencias como directora sumida nunha aventura pola Amazonia. Houbo unha mesa redonda sobre a organización de festivais de cine, na que participaron: Ruth Torjussen, directora do festival internacional de cine *Film Directing 4 Women*; Mariel Maciá, responsable de industria e mercado do *LesGaiCineMad*; e, en representación do MUFEST, Iria V. Estévez. A conclusión principal á que se chegou foi que un dos principais problemas aos que se enfrontan os festivais vén dado pola falta de financiamento e a falta de público.

Outra das actividades foi unha interesante charla con directoras de cine contando coa participación de Ana Isabel Muñoz, directora de documentais e produtora, entre as súas obras destaca o documental *Salir del armario a los 60*. Participaban tamén Giulia Vallicelli produtora musical e directora do documental *Ladyfilmine*, un documental cunha estética moi innovadora, mesturando Super 8, e que presenta a organización na celebración do Ladyfest, un festival feminista e *queer*. Acompañounos tamén Margarita Morello, gañadora da primeira edición do MUFEST e Sabela Pernas, unha promesa do cine galego, quen presentou o documental

O debate pretendeu ser un achegamento as dificultades de visibilización que atopan as cineastas e calquera muller dedicada ao mundo audiovisual

El camino hacia Gibara, unha viaxe ao Festival de Cine Pobre de Gibara realizado pola propia Sabela xunto a outras tres directoras de cine. O peche do festival veu da man de Diana Gonçalves e o seu documental *Mulleres da Raia*, que retrata a vida das mulleres raianas que vivían do estraperlo entre Galicia e Portugal.

Durante os vindeiros meses e ate a última semana de febreiro do 2012 pecharemos o programa da terceira edición do MUFEST, polo que calquera suxestión será ben recibida. Podedes escribirnos ao correo mufest@andainamulleres.org

Así mesmo, contade con que busquemos colaboradoras tanto economicamente como voluntarias que poidan botarnos unha man durante a semana de celebración do festival.

Pero o máis importante é a vosa presenza. Tede en conta que vos poñemos obras de artistas non tan coñecidas polo gran público, así como de artistas noveis na gran pantalla, que traemos a cineastas de diferentes lugares do mundo para compartir as súas experiencias e historias increíbles e que a participación do público é fundamental para xerar debate. E ademais é de balde..., non podedes faltar! ■

Exposición

Suxeitos emerxentes: sexualidades e feminismos contemporáneos*

ANXELA CARAMÉS

Baixo o título «Suxeitos emerxentes: sexualidades e feminismos contemporáneos» celebráronse unhas xornadas de conferencias, debates, proxeccións audiovisuais, arte e teatro, cunha grande asistencia de público no marco universitario. Tiñan como propósito fundamental dar a coñecer as novas correntes teóricas e prácticas do pensamento crítico feminista e dos movementos de liberación sexual actuais. O enfoque partía da idea dunha dislocación múltiple do suxeito feminista, tendo en conta que, desde o cuestiona-

* Curso de verán ofertado pola Universidade da Coruña, organizado por Antía Pérez Caramés, Maribolhêras Precârias (Rubem Centeno Paradela e Pablo Andrade) e Anxela Caramés; celebrado no CUR e na Normal entre o 14 e o 17 de setembro de 2011.



mento da identidade moderna, a homogeneidade e a esencialidade do suxeito *muller* comezou a ser redefinido, diversificado e afinado pola intervención de novos suxeitos que emerxeron desde contornas xeográficas e políticas afastadas tradicionalmente da centralidade política feminista.

O curso estaba articulado en catro bloques temáticos que trataban das relacións entre arte e activismo en Galicia, a teoría *queer* e o transfeminismo, o enfoque poscolonial arredor do xénero e a sexualidade, e a representación das mulleres no medio audiovisual.

A interrelación entre xénero, arte e activismo posibilita novas linguaxes e formas de comunicación que se incorporan tanto ás políticas dos movementos sociais como á creación artística. Este transvase entre as estratexias feministas do socio-político e do cultural vense dando no ámbito anglosaxón desde os anos sesenta, mais no contexto estatal ata finais dos setenta non veríamos moitos froitos destes entrecruzamentos, e aínda teríamos que agardar

algúns anos máis en Galicia. Coa difusión do pensamento *queer* este diálogo entre arte e activismo foi implementado de forma evidente. Esta foi unha das primeiras cuestións abordadas nas xornadas, nunha mesa redonda integrada por tres colectivos feministas que empregan determinados recursos da linguaxe artística como práctica política nas súas campañas activistas: as compostelás Mulheres Transgredindo e o grupos coruñeses Maribolheras Precarias e Nomepisesofreghao.

Por outra banda, os seus carteis, revistas, adhesivos, folletos e vídeos, integraban, xunto co material de Lerchas (Ourense), o contido do *Contenedor de feminismos*, instalado na sala de exposicións da Normal. Este é un dispositivo móbil pensado para a exhibición e a documentación das historias das mulleres en Galicia acontecidas desde finais dos anos setenta. É un proxecto dun arquivo feminista en proceso, que puxo en marcha Uqui Permui, xunto comigo e Carme Nogueira. A primeira intervención/ document-acción ocu-



O curso estaba articulado en catro bloques temáticos que trataban das relacións entre arte e activismo en Galicia, a teoría *queer* e o transfeminismo, o enfoque poscolonial arredor do xénero e a sexualidade, e a representación das mulleres no medio audiovisual

No diálogo entre María José Belbel e Beatriz Suárez Briones trazouse unha xenealoxía do pensamento queer, desde a teoría e a praxe, recuperando a pensadoras feministas clave e a mulleres históricas que loitaron polos dereitos das mulleres [...]

pouse das loitas sindicais das conserveiras da área de Vilagarcía de Arousa durante os anos oitenta, centradas no peche de cen mulleres na fábrica de Orosa, en Vilaxoán. Destes feitos recuperaríase un vídeo gravado por elas mesmas, o cal Uqui Permui tomaría como punto de partida para o seu documental *Doli, doli, doli coas conserveiras. Rexistro de traballo*, visionado tamén nesta ocasión.

Estas mesmas artistas participarían noutra mesa redonda, xunto con María Ruido, na que se falou sobre os diferentes procesos de traballo feminista nas prácticas artísticas, a partir de proxectos nos que participaron as tres, e tamén dos seus traballos individuais, amosando un gran compromiso feminista.

Ademais, como programación para este mesmo apartado, na sala Cubo da Normal proxectáronse creacións audiovisuais feministas realizadas por artistas galegas como as xa citadas Carme Nogueira e María Ruido, xunto con Mónica Cabo, Sonia Tourón, María Marticorena, Clara Gayo, Majo Pulido de Post-Op, e as cineastas Peque Varela e Claudia Brenlla.


No segundo bloque, centrado nos enfoques e debates en torno ao feminismo e os movementos de emancipación sexual tratáronse diferentes cuestións. No diálogo entre María José Belbel e Beatriz Suárez Briones trazouse unha xenealoxía do pensamento queer, desde a teoría e a praxe, recuperando a pensadoras feministas clave e a mulleres históricas que loitaron polos



dereitos das mulleres, facendo especial fincapé no caso español. Mónica Bar Cendón, na conferencia «Feminismo galego, antecedentes dunha revolución en marcha» fixo unha historiografía do movemento das mulleres en Galicia, a través dos principais colectivos e revistas, alén dos avances legislativos obtidos nas diversas campañas realizadas da axenda feminista clásica: o divorcio, os anticonceptivos, o aborto, os dereitos laborais das mulleres...

No apartado migracións, xénero e sexualidade, abordáronse diversas cuestións desde unha perspectiva poscolonial. Os discursos poscoloniais ou as diferentes prácticas políticas autónomas, desde os movementos civís de mulleres no Magreb ata a «subversión do dereito» proposta polo transfeminis-

mo ecuatoriano promoven novas análises desde as fronteiras do feminismo, onde as variables de etnia, clase ou relixión son determinantes á hora de explicar a heteroxeneidade do suxeito. Esta realidade, unida á migración ou ao exilio por discriminación sexual, así como a aparición de discursos racistas e islamófobos nas comunidades feministas e LGBT europeas poñen de manifesto a necesidade de autocrítica, articulando políticas inclusivas baseadas en valores igualitarios e antirracistas dentro dos propios movementos sociais. No diálogo entre Maggie Schmitt e Pedro Malpica ocupáronse dos feminismos e dos movementos de emancipación sexual nos países do Magreb e Oriente Medio, tratando de romper cos tópicos da homofobia islámica promo-



vidos desde Occidente. Leil-Zhara Mortada, cofundador de Helem, o primeiro colectivo homosexual, abordou a historia do movemento LGBT no Líbano; ademais, a partir da súa propia experiencia nestes últimos meses, explicou as dinámicas de xénero na revolta árabe da praza Tahrir, no Cairo, amosando material fotográfico e audiovisual do traballo artístico que está a desenvolver.

Tamén puidemos ver vídeos da artista mexicana Elizabeth Ross sobre mulleres migrantes: *Nómada, las mujeres se mueven e Y, ¿dónde están las mujeres?*, unha serie de entrevistas a migrantes latinoamericanas que viven na Coruña. Por outro lado, na sala principal estaba instalada «Miradas», unha exposición dos traballos fotográficos desenvolto por un grupo de mulleres migrantes (Neide Catoira, María José Torres Costa, Cristina Velásquez, Anouchk, Veró-

nica Silva, María Isabel Ayala, Gabriela González, Sandra Pabón, Gladys Manrique) durante o taller de Fotografía Documental realizado por Acsur-Las Segovias e conducido por Adriana Leira en Cataluña. Afondar sobre un tema elixido por cada alumna, que foi elaborado de maneira coherente, fiel a súa idea orixinal. Como produto deste proceso xurdiron temas como a procura incansable de emprego, a dor pola distancia cos fillos, atopar un camiño propio e os medos que isto representa ou a construción dunha nova identidade como muller inmigrante.

En relación aos dereitos de cidadanía, Laura Bugalho ocupouse das migracións trans/queer segundo a súa experiencia como mediadora para obtención de papeis legais, traballo polo que actualmente está inmersa nun inxusto proceso xudicial que desexamos que se resolva favorablemente.

En relación aos dereitos de cidadanía, Laura Bugalho ocupouse das migracións trans/queer segundo a súa experiencia como mediadora para obtención de papeis legais, traballo polo que actualmente está inmersa nun inxusto proceso xudicial [...]



Pola súa parte, o tamén activista trans Pablo Kagu Vergara falou da teoría dos conxuntos difusos de Quim Pérez, e tamén explicou casos reais da incompreensión médica e psicolóxica que padecen persoas en proceso trans.

Por último, revisáronse os estereotipos femininos no cine, tanto na representación teatral da obra *Área de descanso*, unha *road-movie* feminista a cargo de Iria Pinheiro e Clara Gayo, como na conferencia sobre teorías fílmicas feministas impartida por David Castro. Tratáronse conceptos como a *escoptofilia* e o *voyeurismo*, desenvoltos no pioneiro artigo de Laura Mulvey «Placer visual e cine narrativo». Aborda unha deconstrución da mirada masculina desde unha perspectiva psicanalítica e de análise da imaxe en movemento, que sentaría as bases para que unha serie de directoras e videoartistas se dedicaran a producir novas imaxes de

mulleres como suxeitos activos e deseñantes, xa non obxectualizadas e sexualizadas segundo un canon masculinista e heterosexual.

De aí que, en clara alianza coa teoría *queer*, xurdise o movemento posporno, bautizado así pola ex-actriz porno Annie Sprinkle, actualmente artista *performer*. Son traballos audiovisuais e/ou performativos nos que xa non se busca o pracer do espectador, senón provocar unha reflexión sobre os comportamentos sexuais normativos e actuar como crítica ao sistema patriarcal de produción de imaxinario pornográfico. Promoven novos modelos de feminidade e masculinidade, son traballos que visibilizan outras sexualidades e outros corpos, polo que funcionan como un método de empoderamento. Fronte a industria cinematográfica beben da cultura *punk* («faino ti mesma»), é dicir, cos seus propios medios. No apartado fo-

calizado nas auto-representacións do corpo e da sexualidade das mulleres, proxectouse o documental *Mi sexualidad es una creación artística* de Lucía Egaña Rojas, no que se fai un repaso á escena posporno barcelonesa –articulada en torno a Beatriz Preciado como motor teórico– entrevistando a Diana Pornoterrorista, a la Quimera Rosa, a Go Fist Foundation, e tamén, a María Llopis e o colectivo Post-Op –plataforma de investigación de xénero e pospornografía conformada por Elena Urko e Majo Pulido–, presentes nas xornadas para amosar os seus traballos. María Llopis, co-fundadora de Girls Who Likes Porno e autora do libro *El postporno era eso*, amosou o seu último filme en torno ao sexualidade virtual, u on-line, a través de avatares *ciborg* e tamén nos falou da súa nova investigación en torno a sexualidade non explorada das embarazadas e os abortos espontáneos, nunha volta cara si mesma.

En definitiva, as xornadas trataron temas desde diversos enfoques, na liña do que se ven a denominar transfeminismo, como un movemento feminista aglutinador de loitas anticapitalistas e pola liberación sexual, así como en defensa da outredade non occidental. Alén diso, cabería destacar o nexo común de tratar de unir o activismo e a teoría xunto coas manifestacións artísticas, nunha mestura que raras veces logra entrar na academia, se ben é certo que cada vez máis as institucións públicas estaban interesadas nestas cuestións, e falo en pasado, xa que o futuro se presenta ben incerto. ■

En definitiva, as xornadas trataron temas desde diversos enfoques, na liña do que se ven a denominar transfeminismo, como un movemento feminista aglutinador de loitas anticapitalistas e pola liberación sexual, así como en defensa da outredade non occidental



Digna rabia



Ficha técnica

Asociación pola Memoria Histórica do 36 de Ponteareas e Universidade de Vigo

Xénero: documental

Ano: 2010

Língua: galego

Escrito e dirixido por: María Victoria Martins Rodríguez, Ángel Rodríguez Gallardo e Antón Fernández Escudero

Documentación: María Victoria Martins Rodríguez e Ángel Rodríguez Gallardo

Montaxe: Toni Montero Barros

Cámara: Emilio Rodríguez Otero

Tema musical: *Digna rabia*

Letra: Ángel Rodríguez Gallardo e María Victoria Martins Rodríguez

Música: Ángel Rodríguez Gallardo

Arranxos e intérpretes: Bolívar González Rodríguez, Ruth Barros Abalde (voz), Luis Fernández Pita (guitarra), Alba Reirís Rodríguez (violonchelo e coros), Matilde Reirís Mourinho (coros), Antonio Reirís Mourinho (percusións e técnico de son)

Entrevistadas (por orde de aparición):

Concepción González Trigo, Chiña (filla de represaliados) | M.^a José Bernete (investigadora e memorialista) | Arantza Ugarte (investigadora do cárcere de Saturrarán, Guipúzkoa) | M.^a Victoria Martins Rodríguez (profesora da Universidade de Vigo) | M.^a Xosé Queizán (escritora) | Rosa García Orellán (profesora da Universidade do País Vasco) | Pencha Santasmarinas (ex funcionaria do Servizo de Extensión Agraria e Pesqueira) | Rosa Fontaña (Rede de mulleres contra os malos tratos) | Nanina Santos (ensinante) | M.^a Pilar Escuredo (A Veiga) | Eugenia Santomé (Moaña) | Rita Alfonso (Moaña) | Manuela López Besteiro (ex conselleira e inspectora de Ensino) | Eva Loira (traballadora na Sanidade) | Luísa Raposo García (traballadora de Telefónica) | Vida Gayo (Moaña) | María Domínguez (filla de represaliado) | Maruja Otero (peixeira) | Carmen Rocha Solla (labrega) | Lidia Senra (ex secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego) | Fina Varela (traballadora na Sanidade) | María Bermúdez Ocampo (Moaña) | Luísa Muñoz (profesora da Universidade de Santiago de Compostela) | Sari Alabau (ex concelleira de IU Ferrol) | Laura Seara (directora xeral do Instituto de la Mujer)

LAURA GÓMEZ LORENZO

Pouco a pouco, máis alá da cativa axuda de *luz e taquígrafos* que proporcionou a lei de Memoria Histórica española, os sectores máis concienciados da sociedade civil estanse a encargar de facer o proceso de revisión sobre a guerra e a ditadura que os sucesivos gobernos democráticos aínda non asumiron. Este é o caso do documental *Digna rabia*, un dos contados que se teñen realizado sobre a memoria das mulleres galegas, que comprende entrevistas de vinte e cinco mulleres pertencentes a tres xeracións.

Reivindica o filme as figuras de políticas, sindicalistas e activistas represaliadas como Josefa García Segret, Isabel Ríos, Urania Mella, María Gómez e Do-

lores Blanco. Ademais de fillas de represaliados, falan da extrema violencia que estas mulleres sufriron a investigadora e memorialista María José Bernete e Arantza Ugarte, investigadora do nefasto cárcere de Saturrarán¹ (Mutriku,

¹ Sobre o cárcere de Saturrarán existe xa unha importante documentación publicada, da que destacamos a continuación algúns traballos. A mestra de Tomiño Josefa García Segret recolle a súa experiencia nesta e outras prisións de Franco na súa obra *Abajo las dictaduras*. Arantza Ugarte é autora da obra *Saturrarán 1938-1944*. No ámbito fílmico, o pasado ano 2010 Mikel Rueda dirixía a longametraxe de ficción *Izarren argia* (Estrellas que alcanzar), seleccionada para concurso no 58 edición do Festival de

Guipúscoa), onde foron recluídas bastantes galegas. Ademais do horror da cadea, do amoreamento, da tortura, das vexacións, da fame, do traballo forzado e o exilio, algunhas viron morrer de fame as súas criaturas, outras foron separadas delas, indo parar os nenos e nenas a orfanatos ou a familias afectas ao réxime que os/as adoptaron.

A psicanalista Anna Miñarro comentaba nas primeiras xornadas «Memoria y Trauma»,² que acaban de celebrarse recentemente en Madrid, que houbo unha violencia específica contra as mulleres represaliadas, porque «elas sufriron un dobre nivel de represión: por muller e por vencida». Falou de «biografías rotas», no caso de moitas das que sobreviviron, e incidía no feito de que «todo ese discurso que implica submisión e maltrato ten quedado na mentalidade inconsciente que se transmitiu de xeración en xeración e que aínda permanece hoxe». Por iso, María José Palma, unha das investigadoras do grupo Memoria y Trauma expresaba que «é necesario rematar con esa heranza, que se produza un dó e, sobre todo, que exista unha reparación dos danos».

As entrevistadas de máis idade, testemuñan tamén en *Digna rabia* as fatigas desas mulleres que, unha vez rematada a guerra, o franquismo se xactaba de ter *liberado* do taller e da industria para situalas no fogar, describindo como na nosa terra as de escasos recursos facían os máis duros *traballos de homes* sen gozar dos beneficios salariais nin sociais destes: picar pedra nas canceiras, refacer rte das entrevistadas, da seguinte xeración, colle a vez para falar da lexislación fascista, dos mecanismos ideolóxicos, da situación social e as mentalidades contra as que se rebelaron, durante o franquismo e a Transición, dos partidos de esquerda e o artellamento do feminismo en Galicia. Sinaladamente Nanina Santos, María Xosé Queizán, Pencha Santasmarinas, Lidia Senra e Rosa Fontaíña esbozan a titánica loita do feminismo e evidencian os logros conseguidos, ao tempo que

alertan sobre a fragilidade destes dereitos, que non son inmutables e poden experimentar importantes retrocesos. É de grande importancia non baixar a garda e facer ver as xeracións máis novas que a igualdade entre homes e mulleres non se conseguiu e aínda distamos moito de alcanzala.

Mostra *Digna rabia* unha gran cantidade de documentación visual, procedente de arquivos particulares, do Arquivo da Memoria de Moaña, do Arquivo de AGM (Asociación Galega da Muller), do vídeo da OTTS (Organización de Traballadoras e Traballadores do Salnés) gravado en 1989 durante o peche das traballadoras da conserveira Odoa e imaxes inéditas do NO-DO e da Filmoteca Española.

Sen dúbida *Digna rabia* é o documento visual máis completo que coñezo sobre a memoria das galegas no século XX, parte importante da memoria do pobo galego. Imprescindible! ■



Cine de San Sebastián (sección Zabaltegui, novos directores), e Txaber Larreategui e Josu Martínez dirixían o documental *Prohibido recordar*, que recibiu o premio ao mellor documental no Festival de Cine Español de Nantes.

Algúns enlaces de interese:

<http://www.gara.net/paperezkoa/20070319/8819/es/Carcel/Saturraran/prision/franquista>

<http://www.llumquinonero.es/2011/08/23/carcel-de-saturraran/>

² «I Jornadas Memoria y Trauma», Madrid, 27 e 28 de outubro de 2011.

No tengas miedo



Duración: 90 minutos

Intérpretes: Michelle Jenner, Lluís Homar, Belén Rueda

Ano de produción: 2011

Produce: Oria Films

<http://www.notengasmiedolapelicula.com>

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Non é fácil atopar unha película realmente valente e esta éo, inda que só sexa polo tema que aborda: o abuso sexual a menores.

En *No tengas miedo* Montxo Armendáriz, o director, cóntanos a historia de Silvia, unha moza que tenta romper co seu pasado e superar o drama dos abusos sexuais aos que a leva sometendo desde que era nena o seu pai. O abusador, interpretado por Lluís Homar, é un home aparentemente amable e educado en quen a nai da rapaza, interpretada por Belén Rueda, ten delegado a educación da filla de ambos.

Escenas inquietantes que non chegan en ningún momento a ser explícitas, pero que logran transmitirnos a violencia da situación, a angustia e a soledade dunha nena que non entende o que pasa nin como debe afrontalo. No medio do filme, testemuños intercalados de persoas que teñen pasado polo drama e que nos amosan a súa confusión, a interiorización da culpa, os trastornos que provoca o abuso. Unha das mulleres explícalle á cámara: «o meu corpo reaccionaba en contra dos meus desexos, eu non entendía nada, non sabía o que me pasaba. Crecín pensando que tiña un monstro aí nas miñas entrañas. Empecei a masturbarme compulsivamente. Sentíame sucia e mala. Comecei a pintarme, a poñerme tacóns e marchaba á rúa a provocar, era a miña maneira de gritar, de pedir axuda, de que soubese o que estaba pasando». Outro mozo engade: «Aos quince anos abusei da miña prima e despois da

miña veciña; eu me preguntaba, se o meu tío faino comigo, eu tamén podo facelo cos demais. Convertínme nun rapaz solitario e moi agresivo, e descarregaba toda a miña furia contra elas. Gozaba véndoas sufrir».

Silvia, a «princesa» de seis ou sete anos, a quen seu pai murmura «non teñas medo» mentres a tumba no sofá da sala familiar, convértese nunha adolescente tímida e solitaria, que mente por sistema e sofre continuos ataques de ansiedade. A película, que aborda o tema frontalmente, ensínanos que a moza debe romper o silencio e comezar a construír unha nova vida afastada dos que non queren escoitar a súa historia, súa nai entre eles.

As cifras en España son estarrecedoras, unha de cada catro nenas e un de cada sete cativos sofre algún tipo de abuso sexual antes de cumprir os 17 anos. Os expertos calculan que máis de 20.000 menores de idade sofren abusos sexuais. Un tema tabú sobre o que inda para un gran silencio e sobre o que cómpre reflexionar.

Se vos interesa o tema probade a ver tamén *El leñador* (2004), unha película norteamericana dirixida por Nicole Kassell e protagonizada por Kevin Bacon, Kyra Sedgwick, Benjamin Bratt e Mos Def, na que se trata o tema desde a óptica do home condenado por abusos sexuais que se instala fronte a unha escola e loita contra os máis escuros desexos. ■

Leilía

«Consentimento»



LAURA GÓMEZ LORENZO

A formación de veteranas pandereiteiras vén de editar o seu último traballo, *Consentimento*, dedicado a Eva Castiñeira, cantareira e pandereiteira muxiana, xa falecida, que comenzou a cantar desde nena un repertorio de pezas da tradición oral. Toda a música deste disco é tradicional, decantada con modernos arranxos e acompañada por letras diversas, algunhas tamén tradicionais xunto ás de sete escritoras actuais galegas: Mariña Pérez Rei, Ana Romaní, Marilar Aleixandre, Ana Amado, Yolanda Castaño, Eva Moreda e Eva Veiga.

Neste traballo de madurez, as de Leilía convidánnos a un banquete auditivo de saberes e sabores ancestrais e contemporáneos, para o que nos reciben ataviadas como vangardistas matronas clásicas conducíndonos ata a súa cocina. Ao pé do lar, anfitriñas xenerosas, van debullando as historias de ingredientes foráneos e autóctonos, de adobíos e maridaxes. Xurde o sabor da raíz: o canto potente do traballo colectivo; o canto de festa como celebración; sons de ferramentas agrícolas para espertar a natureza, instrumentos que devirán obxectos decorativos na aldea global. E, o laio por un mundo que esvaece aceleradamente: «as evas que tiña o mundo / que pouquiñas van quedando! [...] canto dos que van morrendo / muiñeira dos camposantos» (*A voz das evas*, música recollida en Agransón –lugar de nacemento de Eva Castiñeira–, Concello de Muxía, letra de Ana Amado).

Como era de esperar, a ese espazo ritual e máxico da lareira chegan as ánimas das ausentes. «Chegou o tempo de Eva, os tempos das evas, das mulleres que gardan tesouros vivos na súa memoria, que amosan a sabiduría dun pobo en cada estrofa, que cantan á vida para darlle vida a un tempo que se foi e non vai volver», din nun texto da caixa. É de xustiza ese sentido recoñecemento das devanceiras.

Pero elas, este coro e acompañantes, representan tamén a outra cara de Eva, a das mulleres capaces de modular e modelar o seu presente, coa súa voz («Que esta voz me deu a vida / nela son, con ela canto / prende lume nesta boca / bota fóra o meu espanto», *Por riba do medo*, letra de Ana Romaní), coa sororidade das voces («A miña voz, compañeiras, / non naceu para afastar. / Se non fose por vosoutras, / como ía camiñar?», *A voz das amigas*, letra de Yolanda Castaño), coa conquista dos espazos públicos de día e de noite, coa iniciativa na seducción («Moreno dos ollos tristes, / porque hoxe é noite de festa / bailemos xuntos os dous / no abrazo da noite negra», *Noite de festa*, letra de Eva Moreda), co erotismo («Hei saber do manancial / hei beber da súa auga / as sandalias nunha man / quero camiñar descalza», *Bonaval*, letra de Mariña Pérez Rei). Un presente e un destino, para o que só precisan o seu propio consentimento. ■

Leonora Carrington naceu en Lancashire (Inglaterra) o 6 de abril de 1917. Filla dunha irlandesa e dun aristócrata inglés, foi unha nena fantasiosa e excéntrica que conectaba cos animais e a natureza. A pequena identificábase cunha egua salvaxe e configuraba o seu mundo coas historias que lle contaban a súa avoa e a súa aia irlandesas nas que os *sidhes* celtas tiñan un destacado papel. Estaba destinada a medrar como rica herdeira dun magnate da industria téxtil e facer un bo matrimonio, pero o seu espírito rebelde e desafiante levouna a enfrontarse ao pai e a nai, a institutrices, monxas, convencións sociais e ataduras relixiosas, conseguindo entrar na academia de arte Ozenfant de Londres en 1936.

Leonora Carrington

O ano seguinte coñeceu ao pintor alemán Max Ernst, quen contaba daquela con 47 anos e bastante sona como pintor surrealista. Coincidiron pouco despois nunha viaxe de Leonora a París e estableceron unha relación sentimental. Deste xeito, entrou en contacto co círculo surrealista. En 1938 escribiu un conto titulado *La maison de la peur* e participou con Ernst na Exposición Internacional de Surrealismo en París e Amsterdam. Ese mesmo ano trasladáronse a vivir (malia que el estaba casado) ao sur de Francia, a unha aldea chamada Saint-Martin-d'Ardèche, onde restauraron unha casa, moldeándoa de xeito fantástico coas súas propias mans. Cultivaban un viñado e unha horta, pintaban, esculpían..., Leonora seguía a escribir, *La dame ovale* (1939).

Ambos formaban parte, xunto con outros surrealistas, do movemento de intelectuais antifascistas Künstler Bund. En 1939 Max Ernst foi detido, declarado inimigo do réxime de Vichy e recluído no campo de traballo Les Milles. Leonora sufriu entón un desequilibrio psíquico. Ante a ocupación nazi de Francia viuse obrigada a fuxir. O seu pai proporcionou os cartos, os documentos e o acompañante que posibilitaron a súa chegada a unha España destruída pola guerra. Nas rúas, nos cafés, nos hoteis de Madrid Leonora clamaba contra alianza fascista de Franco-Hitler-Mussolini, manifestando un comportamento estrambótico. Por indicación do seu pai, foi trasladada a un sanatorio mental en Santander, traumática experiencia que procurou exorcizar no libro autobiográfico *En bas* (1944).

Conseguiu saír do manicomio cunha vixiante rumbo a Madrid, onde atopou ao escritor e diplomático mexicano Renato Leduc, a quen coñecía do círculo surrealista,



Para saber máis:

CARRINGTON, Leonora: *Memorias de abajo*, Madrid, Siruela, 1991.

PONIATOWSKA, Elena: *Leonora*, Barcelona, Seix Barral, 2011.

citándose con el en Lisboa. O pai dispuxera levala a Estoril e de alí a outro sanatorio en Sudáfrica, pero, unha vez en Portugal, Leonora rompeu o cerco paterno e reuniuse con Renato na embaixada de México. En Lisboa coincidiu con Max Ernst, quen xa establecera relación sentimental coa coleccionista e mecenas Peggy Guggenheim. Leonora casou con Renato en 1941 para poder saír cara a América. Viviron en Nova York, onde el tiña o seu seguinte destino; nesta cidade Leonora frecuentou o círculo de artistas exiliados que rodeaban a Peggy Guggenheim. En 1942 marcharon a México e divorciáronse o ano seguinte. Leonora estableceu nese país a súa residencia frecuentando aos artistas e intelectuais europeos no exilio: Benjamin Péret, Alice Rahon, Wolfgang Paalen, Esteban Francés, Kati y José Horna... e Remedios Varo, con quen mantivo unha fonda e fecunda amizade ata a morte da pintora española. En 1946 casou co fotógrafo xudeu húngaro Emrico, *Chiki*, Weisz (axudante de Robert Capa), con quen tivo dous fillos, Gabriel e Pablo.

Refuxiada no seu círculo íntimo e pouco amiga de entrevistas, Leonora Carrington realizou unha extensa obra: publicou unha decena de libros, realizou murais, ilustracións e grandes esculturas de bronce nos últimos anos. Recibiu, entre outras distincións, a Orden do Imperio Británico da raíña Isabel II e o Premio Nacional de Belas Artes outorgado polo goberno mexicano en 2005. Morreu na Cidade de México o 25 de maio de 2011, aos 94 anos, sendo enterrada no panteón inglés.